

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de marzo de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día oito de marzo de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(237).- ACTA ANTERIOR. Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión 23 de febreiro de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(239).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE EDUCADORES FAMILIARES-ANO 2004. EXPTE. 10743/301.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 1.03.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social e o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

O Diario Oficial de Galicia nº 21 de 2 de febreiro de 2004, publica a Orden da Consellería de Familia, Xuventude, e Voluntariado pola que se aproban as bases que regulan as axudas para levar a cabo o programa de educación familiar pola Corporacións Locais.

A indicada Orden establece os criterios de valoración, a documentación precisa, a tramitación dos expedientes, etc. todo isto observase na documentación que se achega e que acompañará a solicitude formalizada no impreso oficial.

O citado programa é un recurso imprescindible dentro dos servizos sociais municipais.

Por todo isto propónse a Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar á Concellería-Delegada de Benestar social para formula-la solicitude de petición de subvención polo importe de 130.756,19 € ante a Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado para o financiamento do programa de educadores familiares.

2º.- Comprometerse expresamente a efectuar como mínimo o gasto de 186.794,56 € - que figuran no programa 3130, partida 2260802, do orzamento de 2004 (prorrogado).

3º.- Aceptar integramente as condicións e requisitos que sinala a Orden de 28 de xaneiro de 2004, da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado (DOG 2/02/2004).

No obstante a Comisión Municipal de Goberno adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno acorda aproba-la proposta contida no precedente informe.

3(240).- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 14.30634.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da traballadora social e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 26.02.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno, acorda:

Concede-la prestación do Servicio de Centro de Día para persoas maiores a D. Elvio Fernández Bangueses.

4(241).- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 15.52438, 15.7546

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das traballadoras sociais e de acordo cos informes proposta do xefe do Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda dar de alta no Servicio ás seguintes persoas:

- D. Genaro Pérez Soto. Expte. 15.52438.
- D^a. Margarita Pérez Delgado. Expte. 15.7542.

5(242).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA VIGUÉS DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO XXXI GRAN PREMIO CICLISTA SAN XOSÉ OS DÍAS 20 E 21 DE MARZO NA AVDA. SAMIL. EXPTE.4330/333. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do Club Ciclista Vigués e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.03.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno, acorda:

Autorizar o club ciclista Vigués a celebrar o XXXI Gran Premio Ciclista San Xosé os vindeiros días 20 e 21 de marzo de 2004 na Avda. de Samil, no treito comprendido entre a Avda. de Europa e as instalacións deportivas municipais do IMD, no horario seguinte:

- día 20: de 15:00 h. a 19:00 h.
- día 21: de 10:00 h. a 14:00 h.

6(243).- SOLICITUDE DO CEIP RAMÓN Y CAJAL DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O CROSS ESCOLAR RAMÓN Y CAJAL O 21.03.04. EXPTE. 4332/333. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do CEIP Ramón y Cajal (Picacho) e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.03.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno, acorda:

Autorizar o CEIP Ramón y Cajal (Picacho) a celebrar o vindeiro día 21 de marzo de 2004 o Cross Escolar Ramón y Cajal (Picacho) nas rúas Marques de Valterra, Instituto Oceanográfico e Jacinto Benavente, a partir das 10:30 h.

7(244).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE XANEIRO DE 2004. EXPTE.865/335.

Mediante providencia de data 1.03.04 o concelleiro delegado do Área de Asuntos Sociais, en cumprimento co establecido na base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo prorrogado para o ano 2004, dá conta á Xunta de Goberno dos expedientes de gasto menor tramitados

polo servizo de Festas e Animación Sociocultural durante o mes de xaneiro de 2004 e que son os seguintes:

EXPTE. 814/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS MANTEMENTOS E REPARACIÓNS DEPENDENCIAS DE FESTAS.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 21-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 3157
ADXUDICATARIO: VARIOS
IMPORTE: 3.000,00 €

EXPTE. 777/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS SERVICIOS DE MENSAXERÍA, COMUNICACIÓN OU CORREO POSTAL DA CONCELLERÍA DE FESTAS.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1198
ADXUDICATARIO: VARIOS
IMPORTE: 500,00 €

EXPTE. 778/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS SERVICIOS DE TRANSPORTES LIXEIROS DE MERCANCÍAS DA CONCELLERÍA DE FESTAS.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1199
ADXUDICATARIO: VARIOS
IMPORTE: 1.200,00 €

EXPTE. 780/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS DA CONCELLERÍA DE FESTAS.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1201
ADXUDICATARIO: VARIOS
IMPORTE: 4.000,00 €

EXPTE. 730/335. CONTRATACIÓN MATERIAL GRÁFICO CABALGATA DE REIS 2004.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1005
ADXUDICATARIO: ECOVIGO PUBLICIDADE
IMPORTE: 8.606,04 €

EXPTE. 773/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN MATERIAL GRÁFICO CICLO VIGOCREQUE 2004.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1024
ADXUDICATARIO: ECOVIGO PUBLICIDADE
IMPORTE: 2.336,24 €

EXPTE. 758/335. CONTRATACIÓN PATROCINIO DO PROGRAMA ESPECIAL "CABALGATA DE REIS 2004" DE TELEVIGO.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1004
ADXUDICATARIO: TELECIDADE, S.L.
IMPORTE: 2.500,00 €

EXPTE. 648/335. CONTRATACIÓN SERVICIOS PERSOAL AUXILIAR CABALGATA DE REIS 2004.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1003
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.
IMPORTE: 4.487,00 €

EXPTE. 649/335. CONTRATACIÓN SERVICIOS MEGAFONÍA CABALGATA REIS 2004.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1014
ADXUDICATARIO: FERNANDO RODRÍGUEZ GARCÍA
IMPORTE: 2.006,80 €

EXPTE. 650/335. ALUGUER CABALOS E XINETES PARA CABALGATA DE REIS 2004.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1013
ADXUDICATARIO: BENIGNO CONRADO PÉREZ MARTÍNEZ
IMPORTE: 3.950,00 €

EXPTE. 651/335. CONTRATACIÓN REALIZACIÓN REPORTAXE GRÁFICA DA CABALGATA DE REIS 2004.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1012
ADXUDICATARIO: ARJONES, VÍDEO Y FOTOGRAFÍA INDUSTRIAL, S.L.
IMPORTE: 2.942,86 €

EXPTE. 652/335. CONTRATACIÓN TIRADA DE FOGOS ARTIFICIAIS PARA CABALGATA DE REIS 2004.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1011
ADXUDICATARIO: PIROTECNIA LA GALLEGA, S.L.
IMPORTE: 4.000,00 €

EXPTE. 653/335. CONTRATACIÓN GRUPO DE GAITAS E EMD PARA CABALGATA DE REIS 2004.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1010
ADXUDICATARIO: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO
IMPORTE: 1.400,00 €

EXPTE. 654/335. ALUGUER AUTOMÓBILES ANTIGOS CABALGATA REIS 2004.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1009
ADXUDICATARIO: CLUBE GALEGO DE AUTOMÓBILES ANTIGOS
IMPORTE: 1.000,00 €

EXPTE. 655/335. CONTRATACIÓN SUBMINISTRO DE CAMELOS E GLOBOS PARA CABALGATA DE REIS 2004.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1008

ADXUDICATARIO: EXCLUSIVAS VARELA VIGO, S.L.

IMPORTE: 8.870,80 €

EXPTE. 666/335. CONTRATACIÓN SERVICIOS DE ANIMACIÓN PARA CABALGATA DE REIS 2004.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1006

ADXUDICATARIO: ADOLFO MAGUNA STRASSER

IMPORTE: 7.018,00 €

EXPTE. 754/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN DE TRAXES PARA CABALGATA DE REIS 2004.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1002

ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

IMPORTE: 3.229,44 €

EXPTE. 774/335. CONTRATACIÓN SERVICIOS DE MONTAXE E DESMONTAXE DE VALADO DE SEGURIDADE PARA CABALGATA DE REIS 2004.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1028

ADXUDICATARIO: AQUILINO MOLINA VALÍN

IMPORTE: 4.999,99 €

EXPTE. 775/335. CONTRATACIÓN TRANSPORTES LIXEIROS PARA CABALGATA DE REIS 2004.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1027

ADXUDICATARIO: AQUILINO MOLINA VALÍN

IMPORTE: 3.500,00 €

EXPTE. 776/335. GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS CABALGATA DE REIS 2004.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1036

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 12.000,00 €

EXPTE. 656/335. CONTRATACIÓN SERVICIOS DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DO IMD PARA O XXIII CONCURSO DE RONDALLAS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1017

ADXUDICATARIO: SAMYL, S.L.

IMPORTE: 723,55 €

EXPTE. 657/335. CONTRATACIÓN SERVICIOS DE MEGAFONÍA PARA O XXIII CONCURSO DE RONDALLAS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1016
ADXUDICATARIO: FERNANDO RODRÍGUEZ GARCÍA
IMPORTE: 893,20 €

EXPTE. 659/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O XXIII CONCURSO DE RONDALLAS.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1015
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.
IMPORTE: 4.725,96 €

EXPTE. 660/335. CONTRATACIÓN SERVICIOS DE PRESENTADOR PARA O XXIII CONCURSO DE RONDALLAS.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1018
ADXUDICATARIO: JESÚS ANTONIO BOUZADA ALBELA
IMPORTE: 300,51 €

EXPTE. 669/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓN RANCHO DE REIS PARA O XXIII CONCURSO DE RONDALLAS.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1019
ADXUDICATARIO: CENTRO DE ANIMACIÓN RURAL DE CORTELLAS
IMPORTE: 1.200,00 €

EXPTE. 771/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓNS DA COMPAÑÍA PABLO NOJES PARA O CICLO VIGOCREQUE 2004.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1023
ADXUDICATARIO: SOCIEDADE OLIVA
IMPORTE: 2.750,00 €

EXPTE. 772/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓNS DA COMPAÑÍA SPAGHETTI TÍTERES PARA O CICLO VIGOCREQUE 2004.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1026
ADXUDICATARIO: ARTURO PÉREZ CABRAL
IMPORTE: 2.411,55 €

EXPTE. 767/335. CONTRATACIÓN COORDINACIÓN E ANIMACIÓN DO PINVI 2004.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1020
ADXUDICATARIO: JUAN ADOLFO MAGUNA STRASSER
IMPORTE: 10.498,00 €

EXPTE. 769/335. CONTRATACIÓN INCHABLES PARA O PINVI 2004.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1021
ADXUDICATARIO: MYM JUVESPORT, S.L.
IMPORTE: 11.600,00 €

EXPTE. 770/335. CONTRATACIÓN TALLERES FAMILIARES PARA O PINVI 2004.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1022
ADXUDICATARIO: FUNDACIÓN IGUAL ARTE
IMPORTE: 10.556,00 €

EXPTE. 779/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS PROGRAMACIÓN
CONCELLERÍA DE FESTAS.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1200
ADXUDICATARIO: VARIOS
IMPORTE: 4.500,00 €

EXPTE. 781/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS DEREITOS DE AUTOR PROGRAMACIÓN ANO 2004 DA
CONCELLERÍA DE FESTAS.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-01-04
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 1202
ADXUDICATARIO: VARIOS
IMPORTE: 10.000,00 €

A Xunta de Goberno queda enterada.

8(245).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DO MES DE MARZO.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da interventora xeral, do 01.03.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-los gastos de locomoción do persoal municipal que de seguido se detallan para a súa inclusión na nómina do mes de marzo:

SERVICIO	CLASIFICACION FUNCIONAL	IMPORTE
1212	Parque Mobil	263,84
1216	Patrimonio e contratación	97,41
2220	Seguridade	600,44
3130	Benestar Social	28,56
4130	Sanidade	289,85
4220	Educación	354,28
4324	Electromecánicos	108,80
4326	Parque e Xardins	35,19

4430	Cemiterios	100,64
4513	Museo Quiñones de León	16,94
4631	Participación Cidadá	21,25
4632	Muller	44,12
4633	Normalización Lingüística	44,90
5110	Vías e Obras	1.636,08
6110	Inspección de Tributos	3.978,00
TOTAL		7.620,30

9(246).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda aproba-la seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
AGUIAR CASTRO YOLANDA	0403259	25.381,92.-	24.365,20.-	1.016,72.-	
“	0403262	600,00.-	539,19.-	60,81.-	
“	0403266	900,00.-	117,70.-	782,30.-	
“	0403269	800,00.-	125,57.-	674,43.-	
“	0403271	3.000,00.-	669,50.-	2.330,50.-	
“	0403272	2.000,00.-	1.749,28.-	250,72.-	
EGEA TORRON PILAR	0404061	343,12.-	343,12.-		
GONZALEZ CARNERO JUAN RAMON	0404867	417,60.-	417,60.-		
“	0404870	190,00.-	212,62.-		22,62.-
“	0404875	169,18.-	169,18.-		
IGLESIAS CARRERA JOSE MANUEL	0406061	2.566,84.-	685,96.-	1.880,88.-	
“	0406057	1.200,00.-	603,41.-	596,59.-	
LOPEZ MOURE JESUS	0402501	1.500,51.-	1.500,51.-		
SAN LUIS COSTAS AVELINO	0404264	400,00.-	250,00.-	150,00.-	
SANCHEZ BARREIRO CARMEN	0404063	343,12.-	343,12.-		
TOTAL			32.091,96.-		

10(247).- PROPOSTA DE ANULACIÓN DE SALDOS PENDENTES DE COBRO DO PRESUPUESTO DE INGRESOS (EXERCICIOS PECHADOS) CORRESPONDENTES A SUBVENCIONES E LIQUIDACIONES. EXPTE.1/2004.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Contabilidade, de 1.03.04, conformado pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

Anula-los saldos pendentes de cobro del Presupuesto de Ingresos (ejercicios pechados), correspondentes a subvencions e liquidacions con importes pendentes de ingreso, sen variación hai máis de catro exercicios presupostarios, polos importes e conceptos seguintes :

<u>PRESUPUESTO</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>SUBVENCION</u>	<u>IMPORTE</u>
--------------------	-----------------	-------------------	----------------

1991	73301	Aport.Diputación plan 91	5.942,68
1993	75501	Otras subvenciones Xunta G	7.512,65
1994	72104	Limpieza cunetas-caminos	11.824,22
1995	72000	Acceso a la Universidad	13.493,49
1995	76102	S. Diputación acceso Universidad	13.493,49
1996	79004	Programa Urbam	2.275,98
1998	45511	Valoración estudios patrm.historico	12.020,24
1998	46201	Otras transferencias Diputación	21.035,42
<u>PRESUPOSTO</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>SUBVENCION</u>	<u>IMPORTE</u>
1998	49000	Jornadas políticas urb.com.europeas	7.024,11
1998	75503	Construcción guarderías Teis	6.010,12
1998	79006	FSE proyecto iniciativa comunitaria	17.774,76
1998	79007	“ “ “ “	10.849,60
1999	77000	Convenio Continente	12.020,24
1999	79005	Formación y empleo	721,54
1999	79006	Convenio empleo mujeres jóvenes	9.302,72
1999	79011	FSE Programa LIFE	6.970,53
1995	83001	Reintegro fondo social	600,33
1996	83000	Reintegro anticipos personal	430,11
1997	83000	Reintegro anticipos personal	10.192,70

11(248).- PROPOSTA DE ANULACIÓN DE SALDOS PENDENTES DE COBRO DO PRESUPOSTO DE INGRESOS (EXERCICIOS PECHADOS) CORRESPONDENTES A SUBVENCIONES E LIQUIDACIONES. EXPTE.2/2004.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Contabilidade, de 1.03.04, conformado pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

Anula-los saldos pendentes de cobro del Presupuesto de Ingresos (ejercicios pechados), correspondentes a subvenciones e liquidaciones con importes pendentes de ingreso, polos importes e conceptos seguintes :

<u>PRESUPUESTO</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>SUBVENCION</u>	<u>IMPORTE EUROS</u>
1995	75504	TRANS. XUNTA `POLIDEPOR-TIVO GARCIA BARBON	72.121,45
1995	77001	TRANS. C. PROPIETARIOS GARCIA BARBON	132.222,66

12(249).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN CULTURAL E DE XUVENTUDE PARA A CELEBRACIÓN DUN CONCERTO DE ROCK NO TORREIRO DOS LIÑARES EN SAN MIGUEL DE OIA O DÍA 13.02.04. EXPTE. 69389/210. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude presentada por D. Iván Javier Martínez Hombre en representación da Asociación Cultural e de Xuventude Outeiro da Bandeira, e de acordo co informe-proposta do asesor xurídico do Servicio de Mobilidade e Seguridade, do 2.03.04, a Xunta de Goberno, acorda:

AUTORIZAR á Asociación Cultural e de Xuventude, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración dun CONCERTO DE ROCK, o vindeiro 13 de marzo de 2004, no Torreiro dos Liñares en San Miguel de Oia, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimitalo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado.....2:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

13(250).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DA MULLER DO CONCELLO DE VIGO E FEMINISTAS INDEPENDENTES GALEGAS PARA O II PREMIO DE INVESTIGACIÓN E A COEDICIÓN DO Nº 19 DA REVISTA FESTA DA PALABRA INVESTIGACIÓN. EXPTE.1614/224.

Examinadas as actuacións do expediente,visto o informe xurídico do xefe da Área de Réxime Interior, do 20.02.04, o documento contable AD polo importe do gasto que se propón realizar e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 6.02.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, o concelleiro de Facenda e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio de colaboración para o “II Premio de Investigación e a coedición do nº 19 da revista Festa da Palabra entre a Concellería da Muller do Concello de Vigo e Feministas Independentes Galegas, que de seguido se transcribe.

2º.- Facultar á Concelleira da Muller para que o asine en representación do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 13.220 Euros.- trece mil douscentos vinte euros , con cargo á partida 463.2.227.06.03 do presuposto en vigor, a favor de Feministas Independentes Galegas, CIF N° G 36.688.125, en concepto de execución do convenio

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil catro,

RE Ú N E S E

Dunha parte, D^a Lucía Molaes Pérez, Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local- Muller do Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo.

Doutra D^a M^a Xosé Queizán Vilas, con DNI n° 3.715.203, en representación de Feministas Independentes Galegas.

As dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para suscribir o seguinte

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O II PREMIO DE INVESTIGACIÓN E A COEDICIÓN DO N° 19 DA REVISTA “FESTA DA PALABRA-INVESTIGACIÓN” ENTRE A CONCELLERÍA DA MULLER DO CONCELLO DE VIGO E FEMINISTAS INDEPENDENTES GALEGAS

de acordo cos seguintes

ANTECEDENTES

Consonte coas competencias que confiren ás administracións locais os Art. 25, 26 e 28 da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e o previsto no Art. 88 da Lei 30/92 de 26 de novembro de Rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, proponse a realización dun convenio de colaboración con Feministas Independentes Galegas, co fin de promover iniciativas no campo da investigación que teñan por obxecto a recuperación e divulgación da aportación feita polas mulleres na historia e a súa contribución á sociedade galega do século XX.

Para a consecución deste fin promoverase a convocatoria anual dun premio de investigación e a persoa premiada percibirá unha dotación económica e verá publicado o seu traballo na revista “Festa da Palabra Investigación” que editará a asociación Feministas Independentes Galegas

A evolución do movemento asociativo permite potenciar a xestión por parte das asociacións dos programas que lle son propios, como medio preciso para acadar os obxectivos nel propostos, por esta razón se formulan as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

1. *Feministas Independentes Galegas en colaboración có Concello de Vigo realizará a convocatoria pública do “II Premio investigación Festa da Palabra”, e a difusión das bases do premio mentras permanezca aberto o prazo de presentación dos traballos.*

2. *Feministas Independentes Galegas comprométese a abonar á persoa premiada a dotación económica estipulada nas bases do “II Premio de Investigación” que se sinalan no anexo I deste convenio. O pago realizarase en acto público e mediante cheque nominativo.*
3. *A edición e impresión de 1000 exemplares do número 19 da revista FESTA DA PALABRA INVESTIGACIÓN, con DL VG-241/1983 e cabeceira propiedade da asociación sen fin de lucro Feministas Independentes Galegas, para a distribución polo Concello de Vigo de 600 exemplares e a venda de 300 a través dunha distribuidora que ingresará o importe ó Concello. Feministas Independentes Galegas comprométese a seleccionar, traducir e normalizar, revisar e maquetar a revista, incluír os logotipos do Concello de Vigo e da Concellería da Muller coa lenda Concellería da Muller na contraportada e nos créditos, e a supervisar a impresión a través da coordinadora da revista.*
4. *Feministas Independentes Galegas realizará o etiquetado e ensobrado dos 600 exemplares da revista para a súa distribución polo Concello de Vigo.*
5. *A realizar todas aquelas outras actividades que requiran ó bó funcionamento do premio e da edición da revista e que teñan relación co obxecto do convenio.*

SEGUNDA.- PREZO

Feministas Independentes Galegas percibirá 13.220.- Euros (trece mil douscentos vinte euros) para a realización do traballos descritos na cláusula anterior, con cargo á partida presupostaria de 463.2.227.06.03 do vixente presuposto.

TERCEIRA.- XEITO DE PAGAMENTO

A Oficina da Muller emitirá tres certificacións a favor de Feministas Independentes Galegas:

- a) *A primeira por importe de 5000.- euros (cinco mil euros), coa firma do convenio .*
- b) *A segunda por importe de 4110.- Euros (catro mil cento dez euros) unha vez dictaminado o fallo do xurado e se realice a presentación pública da obra premiada.*
- c) *A terceira ,previa certificación do departamento da muller acreditando o cumprimento do convenio, por importe de 4110.- Euros (catro mil cento dez euros) coa publicación da revista e unha vez realizado o etiquetado, ensobrado, presentación, distribución da mesma e previo ingreso ó Concello das revistas vendidas ou devolución, no seu caso, das sobrantas.*

Feministas Independentes Galegas presentará trimestralmente no Rexistro Xeral do Concello os orixinais das facturas, TC1 e TC2, nóminas e demais xustificantes dos gastos efectuados.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

O seguemento do convenio e a súa avaliación realizarase mediante unha comisión que estará formada por:

-A Concelleira da Muller.

-Dúas representantes da Asociación.

-Dúas representantes do mundo da investigación que o Concello designe.

-A Xefa da Oficina da Muller ou técnico/a municipal que se designe.

QUINTA.- AVALIACIÓN

Para o seguemento e a avaliación continua e final do programa a comisión de seguemento servirase da memoria que presente Feministas Independentes Galegas, de tanta información aporten as partes implicadas , todo iso sen menoscabo doutras actuacións que o Concello de Vigo considere de interese realizar.

SEXTA.- INCUMPRIMENTO DO CONVENIO

O incumprimento do convenio pode dar lugar á revogación do mesmo, total ou parcialmente e as correspondentes penalizacións económicas.

SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

A interpretación do presente convenio é competencia do Concello de Vigo.

OITAVA.- DIFUSIÓN DO PROGRAMA

Toda a difusión que se realice do programa deberá facerse en galego e incluírá en lugar preferente e visible os logotipos do Concello de Vigo e da Concellería da Muller coa lenda “Concellería da Muller”. Toda a propaganda deberá contar co visto e prace da Concellería da Muller, previo a súa impresión.

NOVENA.- PERCEPCIÓN DOUTRAS SUBVENCIONES

Feminista Independentes Galegas declara, baixo a súa responsabilidade, non percibiren subvención ningunha por estes mesmos conceptos, no período que abrangue ó presente convenio. De percibirén algunha será comunicada expresamente ó Concello para ser deducido o seu importe do prezo.

UNDÉCIMA.- VIXENCIA

Este convenio ten vixencia durante o ano 2004 debendo estar finalizados a 31 de decembro todos os trámites a él referidos. As actividades axustaranse á temporización prevista no programa e que figura detallada no anexo II deste convenio.

Poderá ser denunciado por calquera das partes e ser prorrogado polo Concello de Vigo previo acordo expreso das partes.

Poderán ir incluíndose nel como anexos os acordos complementarios que subscriban tódalas partes.

14(251).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DA MULLER E O GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICIÓ DA MULLER ALECRÍN PARA GARANTIR O LIBRE ACCESO DO PÚBLICO EN XERAL O “CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E BIBLIOTECA ALECRÍN”. EXPTE. 1621/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do xefe da Área de Réxime Interior, do 18.02.04, o documento contable AD polo importe do gasto que se propón realizar e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 2.02.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, o concelleiro de Facenda e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º Suscribi-lo “Convenio de colaboración entre o Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller Alecrín e a Concellería da Muller do Concello de Vigo para garantir o libre acceso do público en xeral ó “Centro de Documentación e Biblioteca Alecrín”, que de seguido se transcribe.

2º Facultar á Concelleira da Muller para que o asine en representación do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 24.000 (vintecatroy mil euros).-, con cargo á partida 463.2.227.06.09 do presuposto prorrogado para o ano 2004, a favor do Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller Alecrín, CIF N° G-36.633.154, en concepto de execución do convenio.

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil catro,

R E Ú N E S E:

Dunha parte, Dª Lucía Molares Pérez, Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.- Muller do Concello de Vigo, en nome e representación deste.

Doutra Dª Ana Míguez Vigo, co DNI núm. 35.988.073, en representación do Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller Alecrín.

As dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para suscribir o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA GARANTIR O LIBRE ACCESO DO PÚBLICO Ó “CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E BIBLIOTECA ALECRÍN” ENTRE A CONCELLERÍA DA MULLER DO CONCELLO DE VIGO E O GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICIÓN DA MULLER ALECRÍN.

de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- *O presente convenio ten como finalidade garantir o libre acceso do público en xeral ó “Centro de Documentación e Biblioteca Alecrín” (CDBA)*

SEGUNDA.- *Terá vixencia do día 1 de marzo ata o 31 de decembro de 2004*

TERCEIRA.- *O Concello de Vigo comprométese ó pagamento de 24.000.- Euros (vintecatroy mil euros).- para o funcionamento do CDBA durante o ano 2004.*

CUARTA.- *A certificación do gasto pola CONCELLERÍA DA MULLER farase a mes vencido e condicionada ó cumprimento da totalidade do convenio. A mensualidade será de 2.400 .- Euros (dous mil catrocentos euros) para o ano 2004.*

QUINTA.- *O Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller Alecrín comprométese a facilitar a memoria avaliativa final e o seguimento económico dos servizos trimestralmente, xunto coas facturas orixinais dos gastos.*

SEXTA.- Alecrín declara baixo a súa responsabilidade non percibir subvención doutra institución ou organismo polos conceptos subvencionados neste convenio. De percibila deberá declárala para a súa deducción do custo deste convenio.

SÉTIMA.- O CDBA conta cun material inventariable que se achega ó programa, e que se detalla no Anexo I, con especificación do adquirido con subvención municipal.

OITAVA.- O CDBA ocupa un local sito na rúa de García Barbón número 30-5º ofc.8

NOVENA.- No equipo que atenda o Centro de Documentación e Biblioteca Alecrín debe haber, polo menos, unha bibliotecaria titulada.

DÉCIMA.- O Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín deberá planificar o gasto de xeito que priorice o pagamento regular do persoal asalariado.

DÉCIMOPRIMEIRA.- Calquera cambio no equipo, infraestrutura e persoal do CDBA debe ser comunicado á Concellería da Muller.

DÉCIMOSEGUNDA.- A propiedade, titularidade, xestión e dirección do CDBA correspóndelle o Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín, que se responsabiliza da plena adecuación das súas instalacións á normativa vixente sobre locais de uso cultural e público.

DÉCIMOTERCEIRA.- O servizo ó público será gratuíto e o servizo de préstamo á casa regularase de acordo coas normas que se unen no Anexo II. Respetarase a legalidade vixente que marca as posibilidades de facer reproducións parciais ou totais de libros. Participarase en todo tipo de actividades de colaboración inter-bibliotecaria. Elaborarase unha paxina Web do CDBA na que se publiciten os seus servizos e xeito de acceso.

DECIMOCUARTA.- A lingua galega empregarase con carácter xeral, tanto na fala como na documentación interna e pública referente á prestación deste Servizo, segundo o previsto na Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

DÉCIMOQUINTA.- O horario do CDBA será de 10,00 a 13,30 e de 16,00 a 20,00 horas , de luns a venres na duración do convenio, agás o horario especial de verán que será de 10,00 a 13,30 e de 17,00 a 20,00 horas, establecido no Anexo III.

DÉCIMOSEXTA.- O CDBA deberá realizar, entre outras actividades indicadas na programación do Anexo IV, as seguintes:

- 1. Difusión selectiva da información ó conxunto das asociacións de mulleres de Vigo e ós centros de ensino públicos.*
- 2. Artellar o servizo de teledocumentación*
- 3. Realizar o labor de seguimento do BOE, BOP, e DOG dos temas de interese relacionados coa muller e de interese específico desta Concellería.
A información difundiráselles ós organismos mencionados nun prazo non superior a unha semana que contará desde a publicación da convocatoria.*
- 4. Mantemento e actualización da paxina Web do CDBA na que se deberán pulicitar os seus servizos e xeito de acceso.*

DÉCIMOSETIMA.- Toda a difusión que realice o CDDBA ó exterior por calquera medio así como a propaganda , incluída a paxina Web, deberá levar os logotipos do Concello de Vigo e da Concellería da Muller coa lenda “CONCELLERÍA DA MULLER” en lugar preferente. De calquera xeito, toda a publicidade deberá contar co visto e prace previo da Concellería da Muller.

Na prestación das actividades suxeitas ó presente convenio o CDDBA deberá informar necesariamente ós/as beneficiarios/as sobre o presente convenio e os obxectivos do mesmo.

DÉCIMOITAVA.- É competencia da Concellería da Muller a interpretación deste convenio.

DÉCIMONOVENA.- O incumprimento deste convenio por parte do Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín suporía a súa revogación total ou parcial, e as correspondentes penalizacións económicas.

En proba de conformidade e aceptación das cláusulas, asinan as comparecentes perante do Secretario Xeral do Concello de Vigo, que da fe, o día sinalado ó principio”.

15(252).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes da Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se especifican xa que as subministracións, servizos e obras foron recibidas, executáronse conforme coas condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

- a) A Estrategia, Asesoría y Congresos S.L. a fianza por importe de 1.160 € constituída para responder da realización de estudo de viabilidade do Mercado do Berbés, recibido mediante acta de 11.11.03. Expte. 76/241.
- b) A Alecrín a fianza por importe de 9.442,51 € constituída para responder da prestación do Servizo da Casa de Acollida de Mulleres Maltratadas. Expte. 75/241.
- c) A Mopavi S.l. as fianzas por importes de 2.163,64 € e 1.189,92 € constituídas para responder da subministración de motos para a Policía Local. Exptes. 83 e 84 de 241.
- d) A Indeza S.L. a fianza por importe de 961,62 € constituída para responder da subministración de morteiro de cemento. Expte. 57/241.
- e) A Complexa Lebrero S.A. a fianza por importe de 841,42 € constituída para responder da subministración dun rodillo vibrante. Expte.16719/240.
- f) A Movexvial S.L. e Hidoscivil S.L. UTE as seguintes garantías definitivas constituídas para garantir a execución das obras dos proxectos de ampliación da infraestrutura do saneamento de Vigo (lotes I e II) que lle foran adjudicadas por acordo do Pleno de 28-06-2001 así como a execución dos proxectos modificados a mesma obra aprobados polo Pleno de 24-02-2003:

- Garantía por importe de 214.952,89 euros depositada na Tesourería Municipal mediante orden nº 200100069236 de 19-12-2001
- Garantía por importe de 325.451,28 euros depositada na Tesourería Municipal mediante orden nº 200100069238 de 19-12-2001.
- Garantía por importe de 139.893,65 euros depositada na Tesourería Municipal mediante orden nº 200100069242 de 19-12-2001.
- Garantía por importe de 119.132,42 euros depositada na Tesourería Municipal mediante orden nº 200100069231 de 19-12-2001.
- Garantía por importe de 395.165,80 euros depositada na Tesourería Municipal mediante orden nº 200100069253 de 19-12-2001
- Garantía por importe de 235.460,54 euros depositada na Tesourería Municipal mediante orden nº 200100069247 de 19-12-2001.
- Garantía por importe de 191.606,30 euros depositada na Tesourería Municipal mediante orden nº 200100069255 de 19-12-2001.
- Garantía por importe de 107.341,20 euros depositada na Tesourería Municipal mediante orden nº 200300010296 de 03-03-2003.
- Garantía por importe de 511.569,10 euros depositada na Tesourería Municipal mediante orden nº 200300010291 de 03-03-2003.

Todo ó anterior unha vez que as obras foron recibidas mediante acta de recepción asinada o 21-11-2003 e aprobada pola Comisión de Goberno de 10-12-2003.

- g) A Equipamiento Institucional S.A. as fianzas por importe de 840 €, 1.196,35 € e 1.197,22 € constituídas para responder da subministración de armas para a Policía Local. Exptes. 80, 81 e 82 de 241.
- h) A Ecovigo Publicidad S.L. a fianza por importe de 9.579,17 € constituída para responder do desenvolvemento de programa de comunicación para a Concellería de Turismo. Expte. 1392/104.
- i) A Obras y Construcciones Dios S.A. a fianza por importe de 3.125,05 € constituída para responder das obras de construción dunha pista multiusos en Fragoso, recibidas mediante acta de 22.08.02. Expte. 54/241.
- j) A Deloitte & Touche España S.L. a fianza por importe de 2.283,85 € constituída para responder do contrato de asistencia técnica para a elaboración dun plan de control de concesións e contratadas externas do Concello de Vigo, servizo recibido mediante acta de 21.12.02. Expte. 19/241.

16(253).- RECLAMACIÓN DE DANOS:

- a) GUMERSINDA R. ARAUJO SANTAMARÍA. EXPTE. 15643/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Xestión do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.12.03, conformado polo xefe de Rexime Interior, visto o

dictame favorable do Consello Consultivo do 9.02.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 19.02.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Desestima-la reclamación de Dna. Gumersinda Raquel Araújo Santamaría por non resultar probado que os danos se producisen no lugar indicado pola reclamante, nin o nexo de causalidade co funcionamento do servizo público, presupostos mínimos necesarios para que se produza a responsabilidade patrimonial da Administración municipal.

2º.- Así mesmo, comunica-lo acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo nº 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

b) ARTURO PEREIRA GONZÁLEZ. EXPTE. 15916/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Xestión do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 17.11.03, conformado polo xefe de Rexime Interior e pola interventora xeral, visto o dictame favorable do Consello Consultivo do 9.02.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 17.02.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.-Indemnizar a D. Arturo Pereira González coa cantidade de 298,67 euros, valor dos danos ocasionados ó seu vehículo PO-8370-BD, por impacto dunha pedra contra o seu parabrisas na rúa Mantelas.

2º.- Así mesmo, comunica-lo acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo nº 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

c) ENRIQUE PIÑEIRO CORRAL. EXPTE. 14922/240. RESPONSABLE SERAGUA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Xestión do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 24.09.03, conformado polo xefe de Rexime Interior, visto o dictame favorable do Consello Consultivo do 3.12.03 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 6.02.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Declarar que corresponde á empresa concesionaria do servizo público de abastecemento de auga e saneamento, SERAGUA, o pagamento efectivo da cantidade sinalada como indemnización, por non ser a indemnización reclamada incumbencia do Concello de Vigo.

2º.- Así mesmo, comunica-lo acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo nº 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

d) M^a ISABEL IGLESIAS RODRÍGUEZ. EXPTE. 14299/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Xestión do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 30.09.03, conformado polo xefe de Rexime Interior, visto o dictame desfavorable do Consello Consultivo do 20.11.03 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 6.02.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno, acorda:

1º. Desestima-la reclamación de Dona María Iglesias Rodríguez por non se acreditaren os danos nos que se materializou a lesión.

2º. Así mesmo, comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia e ós efectos do previsto no artigo 33.1.i do devandito Regulamento.

17(254).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE ALIMENTACIÓN ININTERRUMPIDA PARA O EDIFICIO DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 3397/444.

Antecedentes

Con data 24.11.03 a Xunta de Goberno aprobou o expediente de contratación para aluguer con opción de compra dun sistema de alimentación ininterrumpida para o edificio da Casa do Concello de Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local o 20.01.04 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio da Oficina de Patrimonio e Contratación, para a presentación de proposicións, publicado no DOG nº 253 e no BOP nº 2 de datas 31 de decembro de 2003 e 5 de xaneiro de 2004, presentáronse as seguintes propostas: 1) Salicru S.A., 2) New Ave España S.A., 3) Enerdata Servizos y Productos S.L. e 4) Miguel Pascual SDAD. Cooperativa (PASSCO).

A Mesa de Contratación realizada o 27.01.04 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo tódalas propostas e remitíndoas a informe do xefe dos Servizos Electromecánicos, que foi

emitido polo enxeñeiro industrial municipal, o 18.02.04, proponendo como adxudicataria á empresa Enerdata.

A Mesa de Contratación, en sesión do 23.02.04, á vista do informe do enxeñeiro industrial formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a “Enerdata, Productos y Servicios, S.L.” o aluguer dun sistema de alimentación ininterrompida para o edificio da Casa do Concello, por un prezo de 592,00 euros/mes, dos que 425,00 euros/mes corresponden o aluguer e 167,00 euros/mes corresponden o mantemento. Como cuota adicional para exercer-la opción de compra fíxase un prezo de 592,00 euros, todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 24-11-2003 e a oferta presentada.

18(255).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ANÓNIMO PUBLICIDAD POR IMPORTE DE 203,93 € POLA INSERCIÓN NA PRENSA LOCAL DUN ANUNCIO DE PATRIMONIO HISTÓRICO. EXPTE. 1930/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable da interventora xeral, do 17.02.04, o documento contable RC polo importe do gasto que se propón realizar e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 15.01.04, conformado polo concelleiro delegado de dito Servicio, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- A indemnización substitutiva de 203,93 euros a favor da empresa “ANÓNIMO PUBLICIDAD” (CIF B-36721900) pola xestión da inserción dun anuncio do Servicio de Patrimonio Histórico na prensa local na data do 17/11/2003, conforme á súa factura nº 2003/561, do 30/11/2003, presentada no Rexistro Xeral na data do 10/12/2003 (nº doc. 30109011).

2º.- Imputalo á partida 4531.2260200 PUBLICIDADE E PROPAGANDA dos orzamentos do ano 2004.

3º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

19(256).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE TERCEIROS POR IMPORTE DE 763,66 € POLA ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PARA OBRAS DE MANTEMENTO DE PATRIMONIO HISTÓRICO. EXPTE. 2043/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable da interventora xeral, do 26.02.04, o documento contable RC polo importe do gasto que se propón realizar, o informe xurídico do 17.02.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 26.01.04, conformado polo concelleiro delegado de dito Servicio, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- A indemnización substitutiva a favor das empresas e polo importe e nº de factura que de seguido se relacionan:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE (E)
FORSAI, SL	67/03	01/12/2003	446,00
GRACIANO RODRÍGUEZ E HIJOS, SL	5669	30/11/2003	52,90
GRACIANO RODRÍGUEZ E HIJOS, SL	5730	15/12/2003	14,96
TORRES Y SÁEZ	T3899	30/11/2003	54,51
PINTURAS PROA	327.849	28/11/2003	195,29

e polo concepto de adquisición de materiais para obras de mantemento de Patrimonio Histórico durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2003.

2º.- Imputar os gastos relacionados á partida 4531.2210900 MATERIAL TÉCNICO ESPECIAL dos orzamentos correspondentes ó ano 2004.

3º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

20(257).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS PERSOAL MUNICIPAL SETEMBRO 2003-XANEIRO 2004. EXPTE. 14806/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 2.03.04, conformado pola interventora xeral, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 27.02.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar unha gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes os meses de SETEMBRO-2003 e XANEIRO-2004, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-

GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servicios que de seguido se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Francisco J. Abreu Torres e remata por don Alberto Villar Gutierrez, por un total de 913'00 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expediente e que comeza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don Jorge G. Vulcano Ferreira, por un total e 666'00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan no expediente e que comeza por don César Alonso Couñago e rematan por don Juan Guillermo Vivero Mijares, por un total de 2.763'50 horas.
- Parque Móbil, relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don Emilio Martínez Bastos, por un total de 611'90 horas.
- Conserxería, relación que se achega no expediente de don José Martínez Figueroa, por un total de 41'50 horas.
- Xerencia do Parque Central, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Froján Villaverde e remata por don Bernardo Rodríguez Lestón, por un total de 88'00 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Luis Amoedo Cabaleiro e rematan por don José Manuel Martínez González, por un total de 78'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e rematan por don Cesáreo Rocha Parames, por un total de 101'50 horas.
- Desinfección, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Ricardo González Arzua e rematan por don José Manuel Sousa Atrio, por un total de 152'00 horas.
- Relacións Públicas, relacións que se achegan no expediente de dona Loreto Romero Gil Delgado, por un total de 17'30 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 36.549'35 €.

21(258).- PROXECTO DE CONVENIO EGAP-CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN DO PERSOAL, CORRESPONDENTE Ó ANO 2004. EXPTE. 14820/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de recursos humanos do servizo de Persoal, conformado polo xefe da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

Tal e como se recolle no III Acordo de Formación Continua nas Administracións Públicas, a formación continua constitúe nas Administracións un valor fundamental para os proxectos que se queiran afrontar para a modernización das mesmas.

O futuro das Administracións Públicas depende en gran parte da cualificación dos empregados públicos e por iso, a formación profesional de calidade representa unha inversión duradera.

E manifiesta a importancia da formación profesional nos momentos actuais para desenvolver unhas Administracións Públicas máis eficaces, polo que os seus principais funcións serían as seguintes:

- 1. Unha función de adaptación permanente á evolución das profesións e do contido dos postos de traballo e polo tanto, de mellora das competencias e cualificacións indispensables para incrementar a eficacia e a calidade dos servizos que prestan as Administracións Públicas e o persoal o seu cargo.*
- 2. Unha función de promoción que permita o maior número de empregados públicos evitar o estancamento na súa cualificación profesional.*

A política de formación continua debe proporcionar os empregados públicos un maior nivel de cualificación necesaria para:

- a) Incrementar a formación dos empregados públicos, así como promover o seu desenvolvemento persoal e profesional.*
- b) Adaptarse ós cambios, motivados tanto por procesos de innovación tecnolóxica como por novas formas de organización do traballo.*
- c) Permitir a mobilidade profesional e o desenvolvemento da carreira do empregado público, que contribúa a reordenar os actuais cadros de persoal das Administracións Públicas.*
- d) Contribuír á eficacia e calidade dos actuais servizos públicos, así como o desenvolvemento de outros novos.*

Dende 1996, e trala constitución da COPFE, anualmente veñense deseñando Plans de formación, de acordo coa representación sindical, posto que no Concello de Vigo, a formación é entendida como un elemento de profesionalización xeral dentro do emprego público, en canto elemento da súa propia lexitimidade na prestación de servizos de calidade, adaptados a realidade temporal e as necesidades cambiantes das organizacións. Estes plans deseñanse tendo en conta ós diferentes colectivos da Administración e a totala escala xerárquica que a compón.

CONVENIO EGAP CONCELLO DE VIGO:

Dende 1996 estableceuse un convenio de colaboración entre a EGAP e o Concello de Vigo para a realización de accións formativas destinadas o seu personal. O obxectivo da sinatura deste é articular de forma axeitada a colaboración entre ambas institucións.

Por iso, e para o 2004, propónse a firma do Convenio entre ambas institucións, que incluíría as seguintes accións:

CURSO	EDICIONS	HORAS	PRAZAS
ACTUALIZACION NORMATIVA DO GALEGO	1	20	25
COMUNICAR COS CIDADAS EN GALEGO)	1	16	25
BASE DE DATOS ACCESS (MEDIO)	1	20	20
FOLLA CÁLCULO EXCELL (AVANZADO)	1	20	20
FOLLA DE CALCULO (MEDIO)	1	20	20
XESTIÓN DE PROXECTOS(MS. PROJECT)	1	20	20
FOLLA DE CALCULO EXCELL (BASICO)	4	16	12
TRATAMENTO DE TEXTOS WORD BASICO	2	16	12
TRATAMENTO DE TEXTOS WORD MEDIO	4	16	12
BASE DE DATOS ACCESS (BASICO)	4	16	12
CORREO ELECTRONICO	2	8	12
NOVIDADES LEXISLATIVAS: INCIDENCIA NA ADMON LOCAL (Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das admon publicas. Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral)	1	20	25
NOVIDADES LEXISLATIVAS NAS ENTIDADES LOCAIS EN MATERIA TRIBUTARIA	1	20	25
NOVIDADES LEXISLATIVAS NAS ENTIDADES LOCAIS: lei 57/2003 de 16 de decembro de modernizacion do goberno local	1	20	25
PERFECCIONAMENTO ADMINISTRATIVO	1	40	20
CONVOCATORIA DE AXUDAS UNIÓN EUROPEA	1	20	20
ANALISIS E MELLORA DE PROCESOS NA ADMON LOCAL: NORMALIZAR, SIMPLIFICAR E CERTIFICAR PROCESOS NAS ADMON PUBLICAS	1	20	25
COACHING (Como desenvolver a sus colaboradores)	2	16	10
HABILIDADES PARA O TRABALLO EN EQUIPO	1	20	25
TÉCNICAS E HABILIDADES DIRECTIVAS.METODOS Y TECNICAS DE ORGANIZACIÓN	1	30	20
LA ADMINISTRACION RECEPTIVA (ofrecer servicios de calidad)	1	20	20

Programación de las accións:

As accións foron programadas fóra do horario de traballo, en días alternos e cunha duración non superior as 3,5 horas por sesión.

Dentro do convenio recóllese, que naqueles casos nos que existan vacantes, estas ofertaranse gratuitamente os Concellos integrantes da mancomunidad da área Intermunicipal de Vigo.

Os gastos que supón a realización de ditas accións ascenden a 48.001,82 €, das que, tal e como aparece reflectido no texto do Convenio, ó Concello de Vigo financiara o 75% do importe (36.001,81€), correspondiéndolle o 25% restante a la EGAP (12.000,00 €)

Por todo iso, propónse a Xunta de Goberno Local...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Consta no expediente informe do técnico de Intervención do 26.02.04, conformado pola interventora xeral e documento contable RC polo importe do gasto que se propón realizar,

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Autorizar a sinatura do convenio entre a EGAP e o Concello de Vigo para a realización das accións formativas propostas.

2º.- Autorizar o gasto de 36.001,81 € con cargo á partida 121.1.162.00 00.

PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A EGAP E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACION DE ACCIONS FORMATIVAS

Santiago de Compostela , de 2004

REUNIDOS

Dunha banda, o Ilmo. Sr. D. Domingo Bello Janeiro, Director da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), nomeado polo Decreto 6/96, do 25 de xaneiro (DOG do 26-01-96).

Doutra, a Excm. Sra. Dª. Corina Porro Martinez, alcaldesa-presidenta do Concello de Vigo, en virtude de nomeamento plenario de data 13 de decembro de 2003

Dado que actúan os comparecentes en representación das súas respectivas institucións e en virtude das facultades que lles confiren, ó director da EGAP, o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio de creación da EGAP, e ó alcalde do Concello de Vigo, o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, de mutuo acordo, conveñen nas seguintes estipulacións, que consideran oportuno facer constar:

PREÁMBULO

A Escola Galega de Administración Pública é un organismo autónomo de carácter administrativo, con personalidade xurídica propia, que ten, entre os seus fins, a organización e impartición de cursos, seminarios e outras actividades complementarias de formación e perfeccionamento do persoal ó servizo da Administración local de Galicia. Así mesmo, figura entre as súas atribucións a colaboración na realización das probas selectivas para o acceso á condición de funcionario ó servizo da administración local cando as entidades locais interesadas llelo encomenden por convenio.

O Concello de Vigo dentro das atribucións que en materia de persoal que lle confire a Lei 7/1985 de bases de réxime local e demais disposicións vixentes desexa desenvolver unha importante labor de formación e perfeccionamento con respecto ó seu persoal, que debe considerarse beneficiosa tanto para a súa promoción profesional coma para a mellor prestación dos servizos públicos.

Por iso cómpre articular de forma axeitada a colaboración entre ámbalas dúas institucións, co obxecto de non solapar actividades de formación dirixidas a un mesmo ámbito de destinatarios, así como de optimizar recursos en materia de formación.

De acordo con todo o anterior, ámbalas dúas partes subscriben o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Realización conxunta de actividades docentes.

Ámbalas dúas partes poderán deseñar e realizar actividades formativas e docentes tales como xornadas, seminarios, cursos, etc. sobre materias de interese común. Para este efecto o Concello de Vigo, destinará recursos humanos e económicos suficientes para a unidade administrativa que teña encomendadas as funcións de formación.

SEGUNDA. Organización de actividades.

Son obxecto principal deste convenio todas aquelas actividades formativas e docentes organizadas en Vigo para persoal ó servizo do Concello de Vigo dentro do seu propio Plan de Formación ou dentro dos programas formativos para corporacións locais. Para este fin, o Concello de Vigo, a través da programación formativa establecida regulamentariamente ou a convida entre ámbalas dúas institucións, proporalle á EGAP a realización das actividades que considere convenientes para a formación e a reciclaxe dos seus empregados, co fin de que a EGAP as inclúa , total ou parcialmente no seu propio plan de actividades. Ditas accións levaranse a cabo antes do 30 de outubro de 2004

Tamén poderá convir coa EGAP aquelas outras actividades de común interese, ben sexan propostas por unha ou por outra institución.

O Concello de Vigo, por si ou en coordinación coa Delegación Provincial da Consellería da Presidencia, poderá propor profesores para participar como docentes en cursos, xornadas, seminarios, etc.

Cando o Concello de Vigo, dentro dos procesos selectivos de acceso ás vacantes do seu cadro de persoal, prevexa cursos selectivos ou complementarios de selección, a realización de ditos cursos encomendaráselle á EGAP mediante un protocolo adicional ó presente convenio, onde se establecerán as condicións particulares de desenvolvemento dos cursos.

TERCEIRA. Intercambio de información.

As partes comprométese a remiti-la información que poida resultar de interese común: documentación sobre cursos, seminarios, xornadas, actividades de investigación, publicacións, etc.

CUARTA. Acceso á biblioteca e banco de datos.

Cada parte comprométese a facilita-lo acceso ós seus fondos documentais, bibliográficos e ós bancos de datos, agás ós que teñan carácter reservado, ás persoas especialmente habilitadas pola outra para os únicos efectos de consulta e investigación.

QUINTA. Uso de instalacións e medios persoais.

Ámbalas dúas partes comprométense a facilitar gratuitamente o uso das súas instalacións para a realización das actividades de formación que son obxecto do presente convenio.

En tódalas actividades formativas e docentes organizadas en Vigo para o persoal de Administración local tanto na execución deste convenio como as que a EGAP realice no desenvolvemento do seu Plan anual de actividades, o Concello de Vigo poderá actuar en coordinación coa Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública e polo tanto facilitará os medios materiais e humanos necesarios para o normal desenvolvemento daquelas (locais, persoal de apoio, etc.)

Así mesmo en tódalas actividades que a EGAP organice en Vigo, ben en desenvolvemento do seu plan anual de actividades ou por calquera outro motivo, poderá actuar en coordinación co Concello de Vigo directamente ou a través da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia. En ámbolos dous supostos a coordinación mutua ten como obxectivo o bo desenvolvemento das actividades e o seu éxito formativo.

SEXTA. Financiamento das actividades

As actividades organizadas por pedimento do Concello de Vigo , serán cofinanciadas por ámbalas dúas partes na seguinte porcentaxe: do presuposto total do programa que figura como anexo ó convenio, correspóndelle aportar ó Concello de Vigo o 75%, que ascende á cantidade de 36.001,81 €,que se aboará con cargo á aplicación 121.1.162.00 e á EGAP o 25% restantes, ata un máximo de 12.000,00 € ,que se aboarán con cargo á aplicación presupostaria do vixente orzamento de gastos.

Nestas actividades, cando así se establecese, e no caso de que quedasen prazas vacantes, poderán participar tamén funcionarios pertencentes á mancomunidade da área intermunicipal de Vigo.

O importe da aportación económica recoñecida pola EGAP para este fin, satisfarase, previa presentación polo secretario do Concello ou responsable da organización administrativa das actividades formativas, antes do día 30 de novembro do presente ano, das pertinentes certificacións acreditativas do gasto total, e de ser este inferior ó presupostado prorratearánse as aportacións nas porcentaxes anteriormente establecidas. Autorízase ós servizos técnicos da EGAP para determina-lo correcto cumprimento desta esixencia.

SÉTIMA. Comisión de seguimento do convenio.

Constitúese unha comisión de seguimento de comprobación puntual, formada por dous representantes de cada parte, que solucionarán por vía administrativa as cuestións derivadas da aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse cando as partes o consideren conveniente.

OITAVA. Solución de controversias.

As cuestións litixiosas non solventadas por vía administrativa, que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio, serán coñecidas pola xurisdicción contencioso-administrativa.

NOVENA. Entrada en vigor e vixencia.

Este convenio entrará en vigor ó día seguinte de que as dúas partes o asinen e, as súas disposicións rexerán ata o 30 de novembro de 2004

DÉCIMA. Garantía de actividades programadas.

Malia a denuncia ou a extinción do convenio, ámbalas dúas partes comprométense a garanti-lo cumprimento das actividades programadas, cando a súbita interrupción destas puidese prexudicar a calquera das dúas entidades.

E en proba de conformidade, subscriben o presente convenio por triplicado e para un só efecto, no lugar e data ó principio expresados.

22(259).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE PERSOAL AUTORIZANDO Ó TRABALLADOR D. VICENTE MARTÍNEZ POSADA DUNHA REDUCCIÓN DE XORNADA DIARIA EN HORA E MEDIA POR TER FILLO MENOR DE 9 MESES. EXPTE. 14818/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro delegado de Persoal, do 25.02.04, en relación coa instancia de D. Vicente Martínez Posada solicitando que se lle conceda redución da xornada a partir do 1 de marzo por ter un fillo menor de nove meses de idade, que di o seguinte:

Autorizar a Don Vicente Martínez Posada, axente da Policía Local, con número de persoal 77029, unha redución da xornada diaria de hora e media, a partir do 1 de marzo de 2004 e ata o 30 de xullo de 2004, ambos inclusive.

A Xunta de Goberno queda enterada.

23(260).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE PERSOAL AUTORIZANDO Ó TRABALLADOR D. LAUREANO BECOÑA IGLESIAS UNHA REDUCCIÓN DE XORNADA DIARIA EN HORA E MEDIA POR TER FILLO MENOR DE 9 MESES. EXPTE. 14588/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro delegado de Persoal, do 12.02.04, en relación coa instancia de D. Laureano Becoña Iglesias solicitando que se lle conceda redución da xornada a partir do 10 de febreiro por ter un fillo menor de nove meses de idade, que di o seguinte:

Autorizar a Don Laureano Becoña Iglesias, axente da Policía Local, con número de persoal 76481, unha redución da xornada diaria de hora e media, a partir do 10 de febreiro de 2004 e ata o 20 de xullo de 2004, ambos inclusive.

A Xunta de Goberno queda enterada.

24(261).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE PERSOAL AUTORIZANDO Ó TRABALLADOR D. JOSÉ MIGUEL CORTÉS BAUTISTA DUNHA REDUCCIÓN DE XORNADA DIARIA EN HORA E MEDIA POR TER FILLO MENOR DE 9 MESES. EXPTE. 14584/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro delegado de Persoal, do 12.02.04, en relación coa instancia de D. José Miguel Cortés Bautista solicitando que se lle conceda redución da xornada a partir do 4 de febreiro por ter un fillo menor de nove meses de idade, que di o seguinte:

Autorizar a Don José Miguel Cortés Bautista, axente da Policía Local, con número de persoal 77025, unha redución da xornada diaria de hora e media, a partir do 4 de febreiro de 2004 e ata o 14 de xullo de 2004, ambos inclusive

25(262).- DECLARACIÓN DE SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DO FUNCIONARIO MUNICIPAL D. LUIS RICOY MARTÍNEZ, EN RELACIÓN A SÚA PRAZA DE ORIXE COMO FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 14798/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 13.03.04, que di o seguinte:

Visto o escrito presentado polo funcionario adscrito ó servicio de Extinción de incendios, con praza de conductor mobebeiro, Sr. D. Luis Ricoy Martínez, con data de entrada no Rexistro xeral de 11 de febreiro de 2004, polo que solicita se clarexe a súa administración administrativa con relación a súa praza en propiedade de Garda da Policía Local,

Considerando que D. Luis Ricoy Martínez foi nomeado en propiedade guarda da policía local do Concello de Vigo por Resolución da Alcaldía de 11 de xuño de 1991, tomando posesión da mesma con data 14 de xuño de 1991.

Considerando que o referido funcionario, trala superación doutro proceso selectivo, foi asemade nomeado para unha praza de conductor bombeiro, segundo Decreto da Alcaldía de 19 de maio de 1994, da que tomou oportunamente posesión o día 1 de xuño de 1994.

Considerando que, unha vez examinado o propio expediente persoal do interesado, non existe constancia de terselle declarado ó referido funcionario na situación administrativa correspondente verbo da súa praza de orixe,

Considerando que a propia Administración ten a obriga de declarar, en calquera momento, de oficio ou a instancia do propio funcionario a situación de excedencia voluntaria cando pase a prestar outros servicios no sector público incompatibles coa súa situación inicial e non lle corresponda quedar noutra situación, segundo o disposto no artigo 15 do RD 365/96 de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración civil do Estado, de aplicación supletoria ós funcionarios da Administración local, en concordancia co disposto no artigo 29.3.a) da lei 30/84 de medidas para a reforma da función pública e artigo 10 da Lei 53/84 de incompatibilidades,

Considerando as competencias resolutorias atribuídas a Xunta de Goberno local no artigo 127 da lei 7/85, de bases de réxime local, introducido pola Lei 57/2003 de medidas para a modernización do Goberno local, sométese a súa consideración a seguinte proposta de resolución :

“ Declarar a D. Luis Ricoy Martínez en situación de excedencia voluntaria por prestación de servicios no sector público con relación á súa praza en propiedade de garda da Policía local de Vigo, ó encontrarse no servio activo nesta Administración desempeñando en propiedade a praza de conductor bombeiros, consonte ós antecedentes e fundamentos desta resolución.

A referida situación administrativa non comporta dereito á reserva do seu posto de orixe, se ben poderá solicita-lo reingreso ó servio activo sempre que exista un posto vacante non ofertado en convocatoria pública, ó que se lle adscribiría provisoriamente consonte ó disposto no artigo 29 bis da lei 30/84 de medidas para a reforma da función pública “.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe do xefe da Unidade de Persoal.

26(263).- SENTENCIA DO TSXG RECAÍDA NO RECURSO DE SUPPLICACIÓN NÚM. 2434/2001, INTERPOSTO POLA MUTUA GALLEGA DE ACCIDENTES DE TRABAJO, EN RELACIÓN CON DEMANDA POR ACCIDENTE DE TRABALLO. EXPTE. 14825/220.

Dáse conta da sentenza de data 12.02.04, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recaída no recurso de suplicación nº 2434/2001, interposto pola “Mutua Gallega de Accidentes de Trabajo”, contra sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, desestimatoria de demanda sobre accidente de traballo interposta pola devandita Mutua. A sentenza falla o seguinte:

“Que desestimando o recurso de Suplicación interposto pola Mutua Gallega de Accidentes de Traballo contra a sentenza dictada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo, en data 19.02.01, autos nº 18/01, seguidos a instancia da recorrente contra o Instituto Nacional da Seguridade Social, Servicio Galego de Saúde, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Concello de Vigo e D. Santiago Vence Villaverde, sobre accidentes, debemos confirmar e confirmamos integramente o fallo combatido.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

27(264).- SENTENCIA DO TSXG RECAÍDA NO RECURSO DE SUPPLICACIÓN NÚM. 2615/2001, INTERPOSTO POR D^a ROCÍO DEL CARMEN CHOUCIÑO Tuset E OUTROS, SOBRE RECOÑECEMENTO DE DEREITO A ADQUIRIR A CONDICIÓN DE TRABALLADORES FIXOS. EXPTE. 14826/220.

Dase conta da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 3 de febreiro de 2004, recaída no recurso de suplicación núm. 2615/2001, interposto por D^a Rocío del Carmen Chouciño Tuset e outros, contra sentenza do Xulgado do Social núm. 5, de Vigo, desestimatoria da demanda sobre recoñecemento de dereito a adquirir a condición de traballadores fixos indefinidos por prestar servizos no centro de drogodependentes (CEDRO) a través da empresa Cruz Vermella. A sentenza falla o seguinte:

“Que con desestimación do recurso interposto por D^a Rocío del Carmen Chouciño Tuset, D. Guillermo González Domínguez, D^a María Victoria Lago Candeira, D^a María Araceli Otero Castro, D. Adolfo Piñon Blanco, D^a Aurora Lubián Nieto, D. Andrés Fontenla Vázquez, D^a María Ángeles Salgado Guiarreto, D^a María Gema Vázquez Rodríguez, D^a María Pilar Coello Estévez, D. Manuel María Conde Amado, D^a María Azucena Malvido Rodríguez e D^a María Muñoz Díaz del Río, confirmamos-la sentenza que cond ata 5.02.01 foi dictada en autos tramitados polo Xulgado do Social nº cinco dos de Vigo, e pola que se rexeitou a demanda formulada e se absolveu ó Excmo. Concello de Vigo e a La Cruz Roja Española e á Cruz Vermella Asemblea Local.

A Xunta de Goberno queda enterada.

28(265).- EXPEDIENTE REINTEGRO HORAS NOCTURNAS E FESTIVAS ABOADAS ERRÓNEAMENTE Ó SARXENTO DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS D. DOMINGO VÁZQUEZ GONZÁLEZ. EXPTE. 14828/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 2.03.04, que di o seguinte:

Segundo consta no informe da Xefatura do Servizo de extinción de incendios de 1 de marzo de 2004, emitido a requerimento da Comisión de Bombeiros, e como consecuencia dun cambio puntual de xornada ordenado ó Sarxento D. Domingo Vázquez González para responsabilizarse de certos cometidos propios do Suboficial do servizo durante a ausencia deste último, provocouse un erro de cálculo na cuantificación das horas nocturnas e festivas que viña realizando regularmente o antedito Sarxento, logo que parte da súa xornada desenvolta nos meses de outubro e novembro foi en horario de mañá, polo que resulta preceptivo ordenar un reintegro de cantidades percibidas en exceso en concepto de nocturnidade e festividade.

Consecuentemente procede someter á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de resolución :

Acorda-lo reintegro de 196,98 euros polo funcionario municipal D. Domingo Vázquez González, segundo desglose de cantidades que a continuación se detallan, que foron erróneamente aboadas pola administración municipal en función dos conceptos seguintes :

- *117,60 euros, como gratificación por servizos extraordinarios en concepto de festividade, en relación a 24 horas festivas do mes de outubro e 24 horas festivas do mes de novembro, correspondentes ó exercicio de 2004, que non foron realizadas en xornada festiva .*

- 79,38 euros, que foron asemade aboados de xeito improcedente como gratificación por servizos extraordinarios en concepto de horas nocturnas, en referencia a 54 horas do mes de outubro e 27 horas do mes de novembro, correspondentes ó exercicio 2003, que tampouco foron realizadas en xornada nocturna .

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe do xefe da Unidade de Persoal.

29(266).- INDEMNIZACIÓN POR XUBILACIÓN ANTICIPADA DO FUNCIONARIO D. CARLOS DÍEZ POMAR. EXPTE. 14833/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo do informe-proposta da xefa de Negociado de Seguridade Social, do 2.03.04, conformado polo xefe da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Aboar a D. Carlos Díez Pomar (porvisto do DNI nº 35914722-S e nº 12983), a cantidade de 3.606 € por terse xubilado anticipadamente e en execución do Acordo regulador das condicións de traballo de persoal municipal.

30(267).- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO. EXPTE. 14824/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 1.03.04, que di o seguinte:

Con data 12 de febreiro de 2004, a Alcalía Presidencia, no exercicio das facultades organizativas que se lle son reservadas no artigo 124.4 da Lei Reguladora de Bases de Réxime local, emite instrución de servizo ordenando a incoacción do pertinente procedemento relativo á introducción de certos cambios organizativos, de carácter puntual, na Vixente Relación de postos de traballo, que a continuación transcribimos :

- *“ Amortización dun posto vacante de auxiliar da Alcaldía, actualmente previsto no seu sistema de cubrición polo procedemento de libre designación, logo que as funcións que verdadeiramente demanda esta Alcaldía no seu gabinete correspóndense con tarefas administrativas non tanto propias dun auxiliar administrativo senón de administrativos de administración xeral, en atención á especialización que se esixe para a tramitación procedimental dos distintos expedientes deste departamento .*
- *Creación, en consecuencia co antedito, dun posto de administrativo de Gabinete da Alcaldía , interesándose que o seu sistema de provisión sexa de Libre designación pola especial relación de confianza que demanda esta unidade administrativa.*
- *Amortización dunha Xefatura de Negociado de Novos Proxectos, dependente da 1ª Tenecia da Alcaldía (Código 107).*
- *Creación dunha Xefatura de Negociado de Gabinete da Alcaldía, na Unidade 101 (Gabinete Alcaldía), a proveer igualmente por Libre designación “.*

Asemade, con data 20 de febreiro de 2004, O Concelleiro delegado de Electromecánicos, a proposta da Xefatura do servizo, emite informe dirixido á unidade de persoal interesando a transformación dun posto vacante de delineante noutro posto de traballo, que se denominaría “ Axudante Técnico de Electromecánicos “, mantendo a mesma categoría profesional (grupo C de titulación) , co obxecto de dotar ó posto dun contido funcional máis polivalente de acordo coas funcións que especificamente demanda o propio servizo para dito posto de traballo, e que serían as seguintes :

- levantamento de planos reais das instalacións realizadas, das reformas e variacións , así como a codificación de todos os elementos para posteriormente transcribir os datos obtidos mediante aplicacións gráficas á cartografía dixitalizada da rede de alumeado público.
- Telecontrol dos centros de mando de alumeado público dende o centro de control ubicado no Concello.
- Control e seguemento das reformas das instalacións de alumeado público debido a obras de mellora da infraestrutura, derrribos e construcións de edificios, que poidan ocasionar danos sobre as citadas instalacións de alumeado público.
- Análise, seguemento, recepción e mantemento das instalacións de alumeado público das novas instalacións de iniciativa pública e privada.
- Medicións de niveis lumínicos en avenidas, ruas, prazas, etc, co obxecto de incorpora-los valores obtidos á cartografía dixitalizada.
- Control e seguemento da empresa concesionaria do alumeado público.

Informe .

Os cambios organizativos propostos , recondúcense pois á amortización dun posto de auxiliar da Alcaldía, dunha Xefatura de negociado de novos proxectos e dun posto de delineante, coa creación simultánea doutros tres postos de traballo; dous no Gabinete da Alcaldía (un de administrativo de Gabinete da Alcaldía e outro de Xefe de Negociado de Gabinete da Alcaldía) , e outro no servizo de electromecánicos (axudante técnico de electromecánicos) , constituindo en consecuencia unha modificación de carácter meramente coxuntural na Relación de postos de traballo vixentes, que non conleva , alteración da Plantilla nin incremento presupostario do Capítulo I do orzamento, como informaremos a continuación.

Analizando a normativa legal que resulta de pertinente invocación para instrumentaliza-las modificacións referidas, procede realiza-lo seguinte análise :

Primeiro :

Con motivo da entrada en vigor da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno local, clarifícanse as competencias resolutorias e procedimentais en orde á aprobación das Relacións de postos de traballo, de tal xeito que soamente queda suxeitas ós trámites procedimentais de carácter orzamentario as aprobacións dos cadros de persoal – enténdanse “ Plantillas”, na terminoloxía castelá da lei de bases de réxime local - , que seguen resultando de competencia plenaria (Artigo 123.1.h) da Lei 7/85, RBRL, na súa redacción conferida pola Lei 57/2003, en concordancia co artigo 126.3 do Texto Refundido de disposicións en materia de Réxime local) , ... , mentras que pola contra, resérvanse á Xunta de Goberno local as compencias aprobatorias das Relacións de postos de traballo e as súas modificacións (Artigo 127. 1. h) da lei 7/85, RBRL, adicionado pola Lei 57/2003).

Consecuentemente , será a Xunta de Goberno local o órgano competente para acorda-las modificacións propostas.

Segundo :

De conformidade co disposto no artigo 16 da Lei 30/84, na súa redacción dada pola Lei 62/2003 de Medidas fiscais, administrativas e de orde social, en concordancia co artigo 127 do Texto Refundido de disposicións en materia local, a publicidade das Relacións de postos de traballo realizaráse a través do Boletín Oficial da Provincia .

Terceiro :

Sendo a modificación proposta unha manifestación do lexítimo exercicio das facultades de autoorganización, que non afecta ás condicións de traballo dos funcionarios públicos, queda expresamente excluída do ámbito da negociación segundo o disposto no artigo 34.1 da lei 9/87, de 12 de xuño, como por outra banda ten reiterado consolidada doutrina do Tribunal Supremo (Sentencia de 29 de maio de 1997 e 16 de novembro de 2001, entre outras moitas).

Cuarto :

Feitas as anteriores consideracións de orde eminentemente procedimental, que ampararían as iniciativas políticas referidas - cando menos dende unha dimensión da legalidade formal do expediente -, nembargantes procede analiza-la motivación da proposta que será sometida a consideración do órgano resolutor .

Polo que respecta á fundamentación que sustenta a amortización do posto de delineante vacante no servizo de electromecánicos coa simultánea creación doutro novo, que se denominaría “ auxudante técnico de elctromecánicos “ , atópase perfectamente recollida e amparada na proposta da Xefatura de servizo de 20.02.04, transcrito nos antecedentes deste informe.

No que atinxe ós cambios organizativos no Gabinete da Alcaldía, a motivación semella, en principio, razonadamente recollida na exposición da propia Instrucción da Alcaldía de 12 de febreiro de 2004, se ben dende esta unidade de persoal debemos advertir que se intúe certo grao de disfuncionalidad operativa ó poder sobredimensionarse o número de xefaturas administrativas dentro da mesma unidade, reflexión que incorporamos ó presente informe como simple criterio de organización, sen que supoña nengún reparo formal á tramitación do expediente .

Quinto :

Polo que respecta á incidencia presupostaria das modificacións propostas, debemos informar que éstas non comportan incremento de gasto algún en función dos seguintes razoamentos :

A incorporación ó organigrama municipal dun posto singularizado de administrativo da Alcaldía configúrase coas mesmas retribucións complementarias que as establecidas para o posto amortizado de auxiliar da Alcaldía, logo que en puridade, non se trata dun posto de nova creación que requira dunha actividade valorativa previa, ó xa existir no seu momento , figurando noutras Relacións de postos precedentes cunhas retribucións complementarias iguais que ás establecidas para os postos de Auxiliar da Alcaldía. Consecuentemente, o cambio organizativo proposto (amortización dun posto vacante de auxiliar de Alcaldía e simultánea creación doutro de administrativo) non produce incremento do Capítulo I, bastando a tales efectos unha transferencia de créditos nas partidas deste Capítulo por parte da propia Alcaldía.

A mesma consideración se emite verbo da creación dunha Xefatura de Negociado de gabinete, que non produce incremento orzamentario o dotarse cos créditos da Xefatura de Negociado obxecto de amortización.

Do mesmo xeito, a amortización dun posto de delineante coa parella creación doutro da mesma categoría profesional denominado “ Axudante técnico de elctromecánicos “ , non supón incremento presupostario algún ó configurarse coas mesmas retribucións que as establecidas para calquera posto base da mesma escala e grupo funcional.

Sexto :

Por último e no que atinxe ó sistema de cubrición establecido para os postos do gabinete de Alcaldía, resulta plenamente xustificada habida conta a singular relación de confianza que preside a designación dos titulares, posibilidade expresamente establecida no artigo 28 da Lei 4788, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia.

Por todo o exposto, sométese a consideración da Xunta de Goberno local, a seguinte proposta de acordo ...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno de conformidade co precedente informe-proposta acorda:

Primeiro: Aproba-la amortización dos seguintes postos de traballo, incluídos na vixente Relación de postos :

- Un posto singularizado de Auxiliar administrativo da Alcaldía, que figura na Unidade 101.
- Un posto singularizado de Xefe de Negociado de Novos proxectos, que figura na Unidade 107 (1ª Tenencia da Alcaldía).
- Un posto base de delineante, que figura na Unidade de electromecánicos .código 444 - .

Segundo: Incorporar na vixente Relación de postos de Traballo , aprobada por acordo plenario de 14 de xaneiro de 2003 (B.O.P. nº. 133, de 11 de xullo de 2003) os seguintes postos de traballo de nova creación :

- Un posto de Administrativo de gabinete da Alcaldía (Unidade 101), coas seguintes características:

Nivel de C.D. : 18

Complemento específico nº. código 058.

Tipo de posto : Singularizado.

Forma de Provisión : libre designación.

Grupo : C

Escala : A.G.

Subesc. : Administrativo(SA)

Titulación : código nº. 3.

Sit. ; vacante.

- Un posto de Xefe de negociado de Gabinete da Alcaldía (Unidade 101), coas seguintes características : :

Nivel de C.D. : 20

Complemento específico código nº. 039.

Tipo de posto : Singularizado.

Forma de Provisión : libre designación.

Grupo : C

Escala : A.G.

Subesc. : Administrativo(SA)

Titulación : código nº. 3.

Sit. ; vacante.

- Un posto de axudante técnico de electromecánicos, coas seguintes características :

Nivel de C.D. : 17

Complemento específico código nº. 042.

Tipo de posto : Singularizado.

Forma de Provisión : concurso.

Grupo : C

Escala : A.E.

Subesc. : TA (Subescala técnica auxiliar)

Titulación : código nº. 62 e 77 (FP II rama delineación e FP II rama electricidad) .

Sit. ; vacante

Terceiro : Incluir na claves anexas á R.P.T vixentes, aprobadas por acordo plenario de 14 de xaneiro de 2003 (BOP 11 de xullo de 2003) , dentro do apartado 17 (titulacións) , o código nº. 77 ; FP II, rama electricidad.

Cuarto : A presente resolución entrará en vigor a partires do día seguinte á súa publicación no B.O.P.

31(268).- PRODUCTIVIDADE POR DIFERENCIA DE FUNCIÓN A D. JUAN A. BARREIRO VILA POLO DESEMPEÑO DO POSTO DE OPERADOR DE INFORMÁTICA. EXPTE. 14836/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 4.03.04, que di o seguinte:

Antecedentes.

Con data de entrada no Rexistro xeral do Concello de 3 de marzo de 2004, o traballador D. Juan A. Barreiro Vila, oficial de mercados destinado no servizo de informática, solicita se lle abonen as diferencias retributivas existentes entre os complementos de destino e específico asignados ó seu posto de traballo - oficial de servizos internos , CD 15 e CE 53 - e os correspondentes a un posto de operador de informática - CD,17 e CE 41 -, referidas ó período comprendido entre o 1 de outubro de 2003 é o 31 de decembro de 2003.

A petición plantexada, de ser estimada, supoñería o recoñecemento dunha diferenza retributiva a favor do traballador de 315, 85 euros referentes ó período comprendido entre os meses de xullo a setembro – inclusives – de 2003 (146,41 euros de diferenza no CD e 169,44 euros de diferenza retributiva no CE).

Fundamentos legais .

Polo que respecta ós fundamentos legais que xustifican a pretensión do traballador, cumpre salientar que esta cuestión xa foi dilucidada por Sentencia do xulgado do social nº.1 de Vigo de 8 de maio de 2000, incorporada ó expediente persoal do traballador, na que se lle recoñecía o dereito ás diferencias retributivas existentes entre ámbolos dous postos, con fundamento no artigo 39.4 do E.T, e mentres realice as mesmas funcións que as dun operador de informática.

A pretensión instada polo traballador encontraría igualmente acollida no concepto de produtividade, ó presumirse un rendemento e dedicación especial no desempeño do posto, ó desenvolver funcións e cometidos que a meritada sentenza considera como alleos ó posto do traballador.

Por todo o exposto, e previa fiscalización e consignación do gasto pola Intervención xeral, someteríase á Xunta local de Goberno a seguinte proposta

“ Recoñecer e aboar ó traballador D. Juan A. Barreiro Vila, con cargo á partida de produtividade, a a cantidade de 315,85 Euros , polas diferencias retributivas existentes entre os complementos específico e de destino asignados ó seu posto de traballo e os asignados ó posto de operador de informática, correspondentes ó período comprendido entre o 1 de outubro de 2003 ó 31 de decembro de 2003. “

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

32(269).- DAR CONTA DA INSTRUCCIÓN Á RECADACIÓN EXECUTIVA PARA TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DE FALLIDOS E CRÉDITOS INCOBRABLES.

Seguidamente dáse conta da Instrucción de referencia, asinada polo tesoureiro municipal con data 3.02.04 e conformada polo concelleiro de Economía e Facenda, que di como se transcribe:

INSTRUCCIÓN Á RECADACIÓN EXECUTIVA PARA A TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DE FALLIDOS E CRÉDITOS INCOBRABLES.

I.- INTRODUCCIÓN.

Unha das causas de extinción de débedas a tenor do establecido no Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, polo que se aproba o vixente Regulamento Xeral de Recadación, o constitúe a insolvencia probada do obrigado ó pago, en tanto non se rehabilite dentro do prazo de prescrición.

A insolvencia probada do obrigado e responsables require dunha resolución na que se declare a estos fallidos, así como a posterior declaración de situación de incobrable do crédito correspondente unha vez esgotadas as posibilidades de xestión recadadora, resolución de debe adoptarse de acordo ó procedemento previsto no artigo 164 do Regulamento Xeral de Recadación.

Por outro lado, o artigo 3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que as Administracións Públicas actúan de acordo, entre outros, ós principios de eficacia e eficiencia.

Neste orde de ideas, o apartado terceiro do precitado artigo 164 do Regulamento Xeral de Recadación, modificado polo Real Decreto 448/1995, de 24 de marzo, flexibilizou o procedemento de declaración de fallidos, ó arbitra-la posibilidade de que o centro directivo da xestión recadadora, atendendo a criterios de eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles, poderá determina-las actuacións concretas que haberán de terse en conta ós efectos de xustifica-la declaración administrativa de crédito incobrable ou no seu caso, tomará en consideración criterios tales como a contía, orixe e natureza das débedas afectadas.

É de sinalar que esta flexibilización aludida forma parte da evolución lexislativa que nesta materia se ven experimentando ó longo do tempo nas distintas normas do procedemento administrativo de recadación. Así o extinto Regulamento Xeral de Recadación de 1968, inmediato antecedente do Regulamento en vigor, regulaba o procedemento para a declaración de créditos incobrables nos seus artigos 165 a 169, distinguindo como supostos motivadores da situación de fallido e posterior declaración de crédito incobrable e que se facía necesario acreditar:

- *o descoñecemento do paradiro dos obrigados ó pago; e*
- *a inexistencia de bens embargables o realizables.*

E probablemente debido ó carácter mediático da función recadadora, se estableceron unhas regras precisas, de tal maneira que se determinaba a necesidade de xustificar o ignorado paradiro dos debedores e responsables e a carencia de bens susceptibles de embargo mediante a realización de determinadas actuacións tendentes á obtención de determinados informes o certificados municipais que o regulamento consideraba de forma expresa.

Posteriormente, o vixente Regulamento Xeral de Recadación de 1990 introduce xa criterios de proporcionalidade e razoabilidade nestas actuacións limitando aquela acreditación ó suposto de ignorado paradiro dos obrigados ó pago, ó sinalar: “se consultará a información sobre estes obrante ou á que teña acceso a Delegación de Facenda, da que se deixará constancia no expediente”, y para o caso de inexistencia de bens embargables é suficiente con que esta se deduza ou resulte das actuacións levadas a cabo no propio procedemento de recadación na vía de constrinximento; limita, logo, o Regulamento Xeral de Recadación, o alcance da información xustificativa dos fallidos á obtención de datos en poder da propia Administración Tributaria actuante, ou dun banco de datos de inmediato acceso por esta, sen que se requira, inda que tampouco o exclúe, o recorrer ós amplos termos que os artigos 111 y 112 da Lei 230/1963 de 28 de decembro, Xeral Tributaria admiten para a obtención de tal información, e que tamén están contemplados nos artigos 93 e 94 da nova Lei 230/1963 de 28 de decembro Xeral Tributaria e a Lei 1/1998 de 26 de febreiro de Dereitos e Garantías do Contribuínte, a que de conformidade co disposto na súa Disposición Final undécima entrará en vigor o día 1 de xullo do 2.004.

En efecto, a recadación executiva debe realizar todas aquelas actuacións posibles contempladas no marco do Regulamento Xeral de Recadación, en orden a intentar obter o cobro das débedas no período executivo mediante a utilización do procedemento administrativo de constrinximento; pero tales actuacións atópanse condicionadas por dúas limitacións xenéricas:

- *No primeiro lugar, o custe efectivo do propio procedemento recadatorio. Entendendo que a obriga de contribuír, que regula o artigo 31 da Constitución, ten a súa razón de ser no sostemento dos gastos públicos, e que a actuación administrativa debe rexerse por criterios de eficacia e eficiencia, principios aplicables no ámbito da xestión do sistema tributario, pode darse o caso de que determinadas actuacións administrativas necesarias para a obtención da documentación e seguimento de débedas por ingresos de dereito público, orixine un custe superior ó recurso efectivo no que se materializa, e a súa exacción xere uns custes superiores ós recursos que potencialmente puideran derivarse de aquelas, isto independentemente do que o custe poida ser repercutido vía costas ó debedor.*
- *O principio de proporcionalidade, que ven recollido no apartado primeiro do artigo 131 da Lei Xeral Tributaria, e especificamente referido para ser respectado pola Administración tributaria nas fases de embargo do procedemento de constrinximento (“1. O embargo se efectuará sobre os bens do debedor en contía suficiente para cubri-lo importe da débeda tributaria, os xuros que se teñan causado o se causen ata a data do ingreso no Tesouro e as costas do procedemento, con respecto, sempre, ó principio de proporcionalidade.”) e que igualmente se mantén na nova Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, no apartado 1 do seu artigo 169. Este principio ven a significar que a Administración, no seu actuar, sobre todo neste campo tan aflictivo para o contribuínte, debe ter unha actuación proporcionada, e dicir, que os fins que a mesma persegue deben gardar relación cos medios empregados para a súa consecución, e non existir, no terreo que nos ocupa, unha manifesta desproporción entre o importe da débeda e os medios utilizados para a súa realización.*

Este proceso pechase con que incluso de existir algún ben que podería embargarse, podería declararse “ben libre de embargo” si da súa realización se presume a xuízo dos órganos de recadación “que resulte producto insuficiente para a cobertura do custe da devandita realización” (artigo 114.c) RGR).

Estes extremos foron recollidos no apartado 4 do artigo 131 da Lei Xeral Tributaria, que resulta de aplicación directa ás Entidades locais por remisión expresa do artigo 12 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais:

“Non se embargarán os bens ou dereitos declarados inembargables... nin aqueles dos que a súa realización se presuma resultaría froito suficiente para a cobertura do custe da devandita realización”

Previsión que tamén se recolle no apartado 5 da nova Lei 58/2003 Xeral Tributaria, nos termos seguintes:

“Non se embargarán os bens ou dereitos inembargables polas leis nin aqueles outros respecto dos que se presuma que o custe da súa realización puidera exceder do importe que normalmente podería obterse da súa enaxenación”

Por outra parte, e exposto o anterior, hemos de sinalar que tales plantexamentos non foron alleos ás distintas instancias administrativas nas súas actuación en materia recadadora.

Así, polas diferentes Administracións tributarias, no desenrolo do precepto regulamentario transcrito, - e outros de igual natureza contidos na súa normativa propia e específica reguladora da súa xestión recadadora – así como do artigo 41.3º do Real Decreto Legislativo 1091/1988 de 23 de setembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral Tributaria (“3. Se autoriza ó Ministerio de Economía e Facenda para que poida dispor a non liquidación ou, no seu caso, anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións das que resulten débedas inferiores á contía que estime e fixe como insuficiente para a cobertura do custe que para súa exacción e recadación representen.” En análogos termos se pronuncia o artigo 16 da nova Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria [B.O.E. de 27 de novembro do 2.003] que entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2.005, coas excepcións previstas na súa disposición derogatoria) se ten dictado diversa normativa que a súa intención é a de, - conxugando os principios de eficacia e eficiencia no ámbito recadatorio -, documentar unha serie de actuacións nos expedientes de fallidos que permitan a baixa en contas dos devanditos créditos.

Entre a normativa dictada por outras Administracións Públicas en relación a esta cuestión e que a nivel de referencia podemos traer a colación, podemos citar a seguinte:

- A Orde de 30 de novembro de 1987, que desenrolaba a Disposición Final 35ª da Lei 21/1986, de 23 de decembro de Presuposto Xerais do Estado para 1987, en relación coa Recadación executiva, xa establecía no seu preámbulo que: “... se fai necesario fixa-lo custe da exacción dos valores en vía de constrinximento existente nas Recadacións... a efectos de posibilitar a baixa en contas de aqueles que non superen o devandito custe” fixando no seu apartado primeiro, de acordo co dictame do Consello de Estado, que “serán dados de baixa... os valores que... se atopen cargados.. nos que a débeda, excluído o recargo de apremio non exceda de 10.000 pesetas (60.10 euros), cantidade que se estima como a mínima suficiente para cubri-lo custe de exacción e recadación”.
- Circular 2/91 de 14 de maio, da Dirección Xeral de Recadación (Boletín Oficial do Ministerio de Economía e Facenda, número 24, de 13 de xuño de 1991), pola que se establece o procedemento de créditos incobrables. Establece una diferenciación de expedientes en función da contía dos mesmos: menos de 100.000 pesetas (601 euros) – para os que establece uns requisitos mais sinxelos que redundan nunha menor burocracia – e mais de 100.000 pesetas - a cal converte en 500.000 pesetas (3.005,06 euros) para os Concellos de Madrid e Barcelona – para os que, por ser a citada contía superior, require a xustificación dun maior número de actuación para a declaración de fallidos.
- Circular 3/91 de 14 de maio, da Dirección Xeral de Recadación (Boletín Oficial do Ministerio de Economía e Facenda, número 27, de 4 de xullo de 1991), pola que actualiza a Circular 2/91 sobre procedemento de declarar créditos incobrables citado anteriormente. Regula a posibilidade de tramitación de créditos incobrables agrupados.
- Orde de 23 de setembro de 1998 (B.O.E. do 6 de outubro de 1998), polo que se desenrola o artigo 41.3 da Lei Xeral Orzamentaria. Se establece que non serán notificadas ó contribuínte, ni, en consecuencia, esixida-las liquidacións practicadas pola Administración Tributaria cando o importe a ingresar non exceda de 1.000 pesetas “contía que se fixa como insuficiente para dar cobertura ó custe da súa exacción”.
- Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de 26 de maio de 1.999, que desenrola o Regulamento Xeral de Recursos do Sistema de Seguridade Social aprobado por Real Decreto 1637/1995, de 6 de outubro (BOE número 213 de 4 de xuño de 1.999; corrección de erros BOE 240 de 7 de outubro). Establece no apartado 1 do seu artigo 9 que “non se reclamará administrativamente ou, no seu caso, non se seguirá o procedemento administrativo de apremio respecto de débedas inferiores ó 20 por 100 do salario mínimo interprofesional mensual vixente no momento do nacemento de aquelas, sen incluír o prorrateo das pagas extraordinarias e redondeado al mil por exceso” (92.10 euros para o actual ano 2.004. Real Decreto 1793/2003 de 26 de decembro, polo que se fixa el SMI para 2.004).

Nin que dicir ten, que as normas citadas de aplicación na Administración Xeral do Estado, e establecidas en función da natureza e características inherentes as débedas de este sector da Administración, non fan posible unha aplicación analóxica directa das mesmas ás Entidades locais, dada a distinta configuración dos recursos de dereito público nestas últimas.

Non obstante o anterior, si resulta posible extrapolar ás Entidades locais os principios e criterios nos que se asentan as citadas normas á hora de establecer regras e normas en estas Entidades para tales obxectivos, eso si, coas necesarias adaptacións á natureza, contía e características das débedas municipais, e incluso tendo en conta as peculiaridades da propia organización municipal.

Polo exposto, consideramos en definitiva a conveniencia de establecer unhas instrucións que, conxugando os principios de eficacia, eficiencia, proporcionalidade e a obriga de contribuír ó mantemento dos gastos públicos, constitúan uns criterios de actuación e que detallen, dunha forma obxectiva, as actuacións a realizar nos expedientes de fallidos e créditos incobrables, así como a documentación xustificativa que ten que acompañar ós mesmos como posibilita o apartado terceiro do artigo 164 do Regulamento Xeral de Recadación xa citado anteriormente.

Finalmente, e antes de pasar a detallar tales criterios, actuacións mínimas e documentación xustificativa, queremos efectua-las seguintes consideracións adicionais:

- *En primeiro lugar, que as instrucións a que nos referimos poderían formar parte da Ordenanza Fiscal Xeral, na medida en que constitúe un aspecto mais da xestión recadadora, e incluso tamén poderían formar parte das Bases de Execución dos Presupostos municipais, sen embargo consideramos dous argumentos básicos para no optar por estas inclusións:*
 - *Un primeiro argumento de orde técnico, no senso que o apartado 3 do artigo 164, alude ó “centro directivo da xestión recadatoria”, e por conseguinte debe ser tal centro directivo o que determine os criterios de actuación. No ámbito local tal centro directivo se residencia na Tesourería municipal, e trala Lei 57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a Modernización dos Gobernos Locais, o será no órgano que teña atribuída a función recadadora municipal, a quen corresponderá a dirección e responsabilidade administrativa da mesma.*
 - *En segundo lugar, unha razón de orde práctico, no senso de conseguí-la maior flexibilidade posible para que os criterios de actuación se acomoden da forma mais obxectiva posible á realidade e necesidades de cada momento, e dicir, que permitan dar unha resposta obxectiva e rápida ó comportamento que o contribuínte puidera adoptar para adaptalo ó actuar da Administración municipal, co fin de evitar o cumprimento das súas obrigas fiscais.*
- *En segundo lugar, queremos deixar constancia do obxectivo que no aspecto puramente económico-financeiro debe perseguí-la presente Instrucción. Como é sabido as funcións contable, de xestión financeira ou tesoureira no senso amplo e a recadadora, son funcións necesarias en tódalas Entidades locais, as que se atopan entrelazas no seu exercicio e teñen como denominador común que son as que alimentan ó sistema de información económico-financeira en orden a posibilitar e facilita-las funcións de control e a adopción de decisións tanto no orde político como no de xestión; isto require, ó tratarse de funcións con un contido diferenciado, dunha coordinación e dirección que permita determina-la prelación de tales funcións nas diferentes fases e aspectos do procedemento de execución de ingresos e*

gastos municipais. Pois ben, a presente Instrucción persigue tamén como obxectivo o servir ó principio contable da “imaxe fiel”, de tal maneira que a información que arroxen as magnitudes e variables orzamentarias e económico-financeiras teña o maior grado de bondade posible, e dunha forma concreta no Remanente de Tesourería, ó actuar sobre uns elementos determinantes de tal magnitude, cal é o importe dos debedores pendentes de cobro, ó contribuí-la súa depuración, e isto sen perxuízo de que se doten, para o seu cálculo, provisións para dereitos de imposible ou difícil recadación, que en calquera caso sempre descansarán en criterios cun maior ou menor grado de estimación.

En definitiva, pois, en base ó exposto e de conformidade co Decreto da Alcaldía-Presidencia do Concello de vigo, de 1 de xaneiro de 2004, sobre desempeño de funcións publicas reservadas trala entrada en vigor da Lei 57/2003 de 26 de decembro, de Medidas para a Modernización dos Gobernos Locais, por este Centro directivo da xestión recadadora, se emite a seguinte Instrucción para a recadación executiva municipal, en orde a establece-los criterios e actuacións mínimas, das que a súa acreditación debe quedar incorporada ós expedientes correspondentes, nas propostas que se realizan de créditos incobrables e declaración de fallidos, que tratarán, en todo caso, de xustifica-la imposibilidade de realización da débeda.

II.- INSTRUCCIÓN.

PRIMEIRO. Principios Xerais.

1. A unidade de Recadación executiva deberá realizar aquelas actividades de información que deban levarse a efecto acerca dos particulares ou de outros organismos e que directa ou indirectamente conduzan á realización dos créditos tributarios e demais de Dereito público.

2. Son créditos incobrables aqueles que non poidan facerse efectivos no procedemento de xestión recadadora por resultar fallido-los obrigados ó pago.

3. O calificativo de incobrable se aplicará ós créditos e o de fallido ós dos obrigados ó pago.

SEGUNDO. Iniciación do expediente.

O expediente para a declaración de créditos incobrables se iniciará a proposta do Xefe da Unidade de Recadación executiva, unha vez esgotado o procedemento de constrinximento, polas cantidades que, en principio, haberán de declararse incobrables, acompañando a xustificación documental que se sinala nesta Instrucción.

TERCEIRO. Clases de expedientes, segundo contía.

Para todo tipo de débedas, calquera que sexa a súa natureza, que consista nun ingreso de dereito público, os expedientes de fallidos e créditos incobrables se tramitarán en función da contía, determinándose un maior volume de actuacións e de documentos xustificativos a maior contía da débeda, contemplándose a tales efectos os seguinte grupos de débedas.

1º.- Ata 300 euros.

2º.- De 301 a 600 euros.

3º.- De 601 a 3.000 euros.

4º.- De 3.001 a 6.000 euros.

5º.- Mais de 6.000 euros.

En tales importes se considerará incluído o principal da débeda.

Os expedientes se tramitarán acumulando o total de débedas correspondentes a un mesmo debedor, en orde a realiza-las actuacións concretas e acompaña-la documentación xustificativa que corresponda en función do grupo de débedas en que este comprendido o expediente de acordo coas contía expostas anteriormente e o previsto na presente instrucción.

As actuacións que se acreditarán e a documentación que se incluíra nos expedientes de fallidos e créditos incobrables en función da contía das débedas se levará a cabo seguindo as previsións, en canto ó orden de prelación de embargos, contidas no artigo 131 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeral Tributaria.

Non obstante o anterior, tales actuacións para cada grupo de débeda en función da súa contía e que se detallan de seguido, deben entenderse como mínimas mais non como excluíntes, é dicir, que si para unha débeda comprendida pola súa contía en calquera dos grupos ou tramos descritos, a recadación municipal ten coñecemento, por constar nas bases de datos fiscais municipais, dun ben de propiedade do debedor, poderá procederse directamente con este, respectando o orden de prelación de embargos do artigo 131 da Lei Xeral Tributaria, aínda no caso de que o devandito ben non se atope dentro das actuacións mínimas e documentación a incorporar ó expediente de fallido correspondentes ó tramo ou grupo, que en razón a súa contía, se atope tal débeda.

CUARTO. Instrucción de expedientes.

- 1. Independentemente de que deba unirse e incorporarse ó título executivo ou providencia de constrinximento a documentación acreditativa das actuacións realizadas que xustifiquen a insolvencia do debedor, a declaración de fallidos e de créditos incobrables se tramitará de forma agrupada, en un expediente colectivo, ós efectos de simplifica-la súa tramitación e non reiterar trámites.*
- 2. Se poderán tramitar expedientes por cada grupo de tramo de débeda en función da súa contía sinalados anteriormente, sen necesidade de aportar documentación acreditativa das actuacións realizadas, si ben esta documentación estará dispoñible para que, por parte do Centro directivo da xestión recadadora e a través de técnicas de mostraxe, se proceda o seu análise e verificación.*
- 3. Os informes, certificados e en xeral documentación xustificativa acreditativa das actuacións realizadas e que se incorporen ós expedientes, se considerarán válidos durante o prazo dun ano, porque, dentro do mesmo, deberá tramitarse o expediente de fallido, pois se presume que unha vez que teña transcorrido o devandito período de tempo é posible que teña variado a situación económica do debedor.*

QUINTO. Actuacións e documentación xustificativa a incorporar nos expedientes.

As actuacións e documentación xustificativa que se describe de seguido, debe entenderse como mínimas, no senso de que pola Recadación executiva se realizan outro tipo de actuacións ou que se aporte ó expediente calquera tipo de documento ou dilixencia que, atendendo ás circunstancias concretas do expediente, se considere como conveniente para obter un mellor coñecemento da situación que afecta ó mesmo.

En base ós criterios de economía e eficacia sinalados na introducción á presente Instrucción, se detalle de seguido a documentación a incorporar nos expedientes para a declaración de crédito incobrable, en función da contía dos mesmos.

5.1.- Débedas ata 300 euros.

Se deberán xustifica-las seguintes actuacións:

- *Notificación do título executivo ou providencia de constrinximento.*
- *Inexistencia de créditos a favor do debedor en concepto de devolucións de ingresos por conceptos tributarios municipais, que poidan dar lugar ó inicio de expediente de compensación.*
- *Inexistencia de crédito a favor do debedor que poida dar lugar ó inicio de un expediente de compensación.*
- *Embargo de diñeiro en efectivo ou en contas abertas en Entidades de crédito.*
- *Embargo de devolución de ingresos por conceptos tributarios, correspondentes a outras instancias administrativas nos termos que se estableza ou poidan establecer en virtude de Convenio de colaboración con outras Administracións tributarias.*
- *Embargo de soldos, salarios e pensións.*

5.2.- De 301 a 600 euros.

Se deberán xustifica-las seguintes actuacións:

- *Notificación do título executivo ou providencia de constrinximento.*
- *Inexistencia de créditos a favor do debedor en concepto de devolucións de ingresos por conceptos tributarios municipais, que poidan dar lugar ó inicio de expediente de compensación.*
- *Inexistencia de crédito a favor do debedor que poida dar lugar ó inicio de un expediente de compensación.*
- *Embargo de diñeiro en efectivo ou en contas abertas en Entidades de crédito.*
- *Embargo de devolución de ingresos por conceptos tributarios, correspondentes a outras instancias administrativas nos termos que se estableza ou poidan establecer en virtude de Convenio de colaboración con outras Administracións tributarias.*
- *Embargo de soldos, salarios e pensións.*
- *Mante-la débeda pendente na Recadación executiva durante un ano por si existe posibilidade de acumular outros débitos.*

5.3.- De 601 a 3.000 euros.

- *Notificación do título executivo ou providencia de constrinximento.*
- *Inexistencia de créditos a favor do debedor en concepto de devolucións de ingresos por conceptos tributarios municipais, que poidan dar lugar ó inicio de expediente de compensación.*
- *Inexistencia de crédito a favor do debedor que poida dar lugar ó inicio de un expediente de compensación.*
- *Embargo de diñeiro en efectivo ou en contas abertas en Entidades de crédito.*
- *Embargo de devolución de ingresos por conceptos tributarios, correspondentes a outras instancias administrativas nos termos que se estableza ou poidan establecer en virtude de Convenio de colaboración con outras Administracións tributarias.*
- *Embargo de soldos, salarios e pensións.*
- *Embargo de bens inmoables.*
- *Outras actuacións.*

- *Mante-la débeda pendente na Recadación executiva durante un ano por si existe posibilidade de acumular outros débitos.*

5.4.- De 3.001 a 6.000 euros.

- *Notificación do título executivo ou providencia de constrinximento.*
- *Inexistencia de créditos a favor do debedor en concepto de devolucións de ingresos por conceptos tributarios municipais, que poidan dar lugar ó inicio de expediente de compensación.*
- *Inexistencia de crédito a favor do debedor que poida dar lugar ó inicio de un expediente de compensación.*
- *Embargo de diñeiro en efectivo ou en contas abertas en Entidades de crédito.*
- *Embargo de devolución de ingresos por conceptos tributarios, correspondentes a outras instancias administrativas nos termos que se estableza ou poidan establecer en virtude de Convenio de colaboración con outras Administracións tributarias.*
- *Embargo de créditos, efectos, valores e dereitos realizables no acto ou a curto prazo.*
- *Outras actuacións.*
- *Embargo de soldos, salarios e pensións.*
- *Embargo de bens inmóbles.*
- *Nota simple do Servicio de Índices de Madrid.*
- *Embargo de bens móbiles e semoventes (Vehículos e outros)*
- *Mante-la débeda pendente na Recadación executiva durante un ano por si existe posibilidade de acumular outros débitos.*

5.5.- Débedas de mais de 6.000 euros.

- *Notificación do título executivo ou providencia de constrinximento.*
- *Inexistencia de créditos a favor do debedor en concepto de devolucións de ingresos por conceptos tributarios municipais, que poidan dar lugar ó inicio de expediente de compensación.*
- *Inexistencia de crédito a favor do debedor que poida dar lugar ó inicio de un expediente de compensación.*
- *Embargo de diñeiro en efectivo ou en contas abertas en Entidades de crédito.*
- *Embargo de devolución de ingresos por conceptos tributarios, correspondentes a outras instancias administrativas nos termos que se estableza ou poidan establecer en virtude de Convenio de colaboración con outras Administracións tributarias.*
- *Embargo de créditos, efectos, valores e dereitos realizables no acto ou a curto prazo.*
- *Outras actuacións.*
- *Embargo de soldos, salarios e pensións.*
- *Embargo de bens inmóbles.*
- *Nota simple do Servicio de Índices de Madrid.*
- *Embargo de establecementos mercantís ou industriais.*
- *Embargo de metais preciosos, pedra fina, xoiería, orfebrería e antigüidades.*
- *Embargo de froitos e rendas de toda especie.*
- *Embargo de bens móbiles e semoventes (Vehículos e outros).*
- *Embargo de créditos, dereitos e valores realizables a longo prazo.*
- *Dilixencia de persoación e entrada en domicilio.*

- *Autorización xudicial de entrada en domicilio.*
- *Mante-la débeda pendente na Recadación executiva durante un ano por si existe posibilidade de acumular outros débitos.*

SEXTO. Detalle da documentación acreditativa das actuacións.

En orde a obter simplificación na tramitación de estes expedientes e ó obxecto de non perturba-lo normal funcionamento de outros servizos municipais na petición de información, como podería se-lo caso do servizo de Administración de tributos, pola recadación executiva non se solicitará a expedición de certificados de bens a outras dependencias, e no caso de ser necesaria a súa incorporación ó expediente, serán expedidos por esta mediante dilixencia ou informe consultado-los últimos padróns fiscais aprobado, extremo que se fará constar expresamente.

6.1.- Notificación do título executivo ou providencia de constrinximento.

Deberá quedar acreditada e unida ó expediente a notificación do título executivo, realizada conforme ó previsto na Lei Xeral Tributaria, xa se teña realizado esta de forma persoal (entrega en man ou mediante acuse de recibo por correo) ou colectiva, mediante copia do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ou ben dilixencia estendida polo Xefe da Unidade de Recadación executiva no expediente onde se consigne e identifique expresamente o número e data do devandito boletín.

6.2.- Inexistencia de devolucións de ingresos por conceptos tributarios municipais, que poidan dar lugar ó inicio de expediente de compensación.

Tratándose de devolucións de ingresos por conceptos tributarios propios do Concello, se incluírá informe do Servizo de Contabilidade no se que faga constar que o debedor non ten recoñecidos créditos ó seu favor e pendentes de pago. Tal informe poderá efectuarse de forma colectiva para un conxunto de debedores.

6.3.- Inexistencia de outros créditos realizables a curto prazo para inicio de expediente de compensación

Informe do servizo municipal de contabilidade, no que se acredite a inexistencia de créditos recoñecidos a favor do debedor e pendentes de pago. Este informe se poderá evacuar conxuntamente có referente ó apartado anterior referente á devolución de ingresos por conceptos tributarios propios do Concello.

Non só se informará das obrigas recoñecidas, senón tamén das facturas ou outros documentos que acrediten obras, servizos ou subministros realizados e pendentes de recoñecemento, que se coñezan por encontrarse en fase de tramitación.

6.4.- Embargo de diñeiro en efectivo ou en contas abertas en Entidades de crédito.

Se entenderá cumprido este trámite cando conste a petición de información ó menos a catro Entidades bancarias significativas da praza e quede documentalente acreditado que o debedor non teña contas abertas o seu nome ou estas presenten un saldo insuficiente para cancela-la débeda.

Se complementar a documentación a aportar distas actuacións có informe que deberá evacua-la Unidade de recadación executiva, ben de forma individual ou colectiva, sobre que o debedor non figura (ou se figura xa se lle ten embargado na contía dispoñible) nas bases de datos do Concello, referentes a:

- *Contas correntes de domiciliación para pago.*
- *Contas correntes de domiciliacións para cobro de recibos periódicos e notificación colectiva de contribuíntes.*

Para a expedición deste informe a recadación executiva poderá acceder á información correspondente, ben en soporte papel ou ben mediante consulta ás bases de datos das domiciliacións ou ó expediente persoal do contribuínte.

6.5.- *Embargo de devolucións de ingresos por conceptos tributarios, correspondentes a outras instancias administrativas nos termos que se establezan ou poidan establecer en virtude de Convenios de colaboración con outras Administracións Tributarias.*

Tratándose de devolucións de ingresos por conceptos tributarios correspondentes a outras Administracións Públicas, con as que o Concello teña ou poida ter subscritos Convenios ou protocolos de colaboración en materia de recadación, se incluírá a documentación correspondente emitida pola Administración correspondente que acredita a inexistencia de créditos a favor do debedor, ou no seu caso informe da recadación executiva municipal que acredite tal extremo.

6.6.- *Embargo de créditos, efectos, valores e dereitos realizables no acto ou a curto prazo.*

Se entenderá cumprido este trámite cando conste a petición de información da recadación executiva a tres entidades mercantís que, pola actividade que realicen, poidan ter algún crédito pendente de pago ó debedor á Facenda municipal, e o resultado teña sido negativo.

De conformidade có apartado 3 do artigo 169 da nova Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a efectos de embargo se entende que un crédito, efecto, valor ou dereito é realizable a curto prazo cando, en circunstancias normais e a xuízo do órgano de recadación, poida ser realizado nun prazo non superior a seis meses, fronte ós tres meses que actualmente establece o apartado 2 do artigo 112 do Regulamento Xeral de Recadación para considerar a un crédito, dereito, efecto ou valor como realizable a curto prazo, a efectos de embargo.

6.7.- *Outras actuacións.*

Independentemente do importe da débeda e das actuacións mínimas obrigatorias que se deben realizar para grupo de débeda en razón a súa contía, poderán incorporarse ó expediente todo tipo de actuacións realizadas pola recadación executiva, como dilixencias de constancia de feitos, de persoación, así como declaración de fallidos de outros organismos (T.G.S.S., A.E.A.T., etc.,...) como anuncios de execución de bens do debedor publicados en periódicos Boletíns Oficiais, etc., informes do Rexistro de Aceptacións Impagadas (R.A.I.), informes bancarios, etc., que veñan a reforza-la declaración de fallidos proposta.

Naqueles casos nos que proceda, en atención á actividade empresarial, profesional, etc... do debedor, documentación xustificativa recabada da A.E.A.T., da non presentación polo dedudor de declaracións ou liquidacións por impostos estatais: I.V.A., Renta, Sociedades, etc...

6.8.- *Embargo de soldos, salarios e pensións.*

Embargo de soldos, salarios e pensións practicado ou informe ou documento acreditativo da Tesourería Xeral da Seguridade Social na que o debedor non figure como perceptor de estes rendementos do traballo.

Si se inclúen debedas por tributos que graven actividades comerciais, industriais, etc... ou elementos afectos a ditas actividades, tratándose de empresarios individuais, acreditación de que se atopan dados de alta e por tanto non cotizan ó rexime especial de autónomos da Seguridade Social; tratándose de sociedades mercantís, nota simple do Rexistro Mercantil de incumprimento das súas obrigas contables en canto ó depósito e presentación de contas anuais.

6.9.- Embargo de bens inmables.

Ante a inexistencia ou insuficiencia dos mesmos para cubri-la débeda, ou anotacións preventivas de embargo de outros acreedores practicadas con anterioridade á actuación municipal, se deberá incorporar ó expediente nota simple rexistral acreditativa dalgún dos supostos mencionados.

Para débedas cun importe superior ós 3.001 euros, se incorporará Nota simple do Servizo de Índices de Madrid.

En caso de débedas derivadas do Imposto sobre Bens Inmables, e con independencia da súa contía, antes de propoñer-la declaración de fallido do debedor principal, se analizará individualmente a procedencia de embargarlo ben obxecto de tributación.

6.10.- Embargo de establecementos mercantís ou industriais.

Coa cautela e precaución que o embargo de este tipo de bens merece, debe estudiarse a conveniencia e oportunidade de practicar este embargo, xustificando, no seu caso, a non procedencia do mesmo.

6.11.- Embargo de metais preciosos, pedra fina, xoiería, orfebrería e antigüidades.

Dilixencia da recadación executiva de que se descoñece a existencia dos mesmos, deixando constancia no expediente das actuacións de investigacións realizadas.

6.12.- Embargo de froitos y rendas de toda especie.

Coa cautela e precaución que este tipo de bens merece pola súa cualidade de perecedoiros e a posible responsabilidade ou perxuízo no que poida incorrer a Administración municipal na súa execución.

6.13.- Embargo de mobles e semoventes (Vehículos e outros).

Sobre todo elementos de transporte.

Dilixencia da recadación executiva que se fará constar no expediente sobre que non existen bens desta natureza sobre os que sexa posible realizar traba ou embargo, segundo a información que se desprenda do último padrón do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aprobado ou, que, no caso de existir istos, no é aconsellable dende o punto de vista económico a realización dos mesmos, pois a xuízo da Recadación executiva se presume que o produto obtido na devandita execución va a resultar insuficiente para a cobertura do custe de ese expediente (artigo 114.3 RGR).

Neste último caso se informará ademais, da valoración do ben (vehículo) no mercado outorgado por algunha revista especializada existente (exemplo: GANVAM), ou polas tarifas publicadas no BOE ós efectos de aplicación do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e segundas transmisións de elementos de transporte.

6.14.- Embargo de créditos, dereitos e valores realizables a longo prazo.

Dilixencia da recadación executiva de descoñece-la existencia dos devanditos bens, tralas actuacións de investigación que se describan que teñan realizado.

6.15.- Dilixencia de persoación e entrada en domicilio.

A dilixencia de persoación se constitúe nun elemento esencial para a aprobación da proposta de declaración de fallido e crédito incobrable nos expedientes nos que, polo seu importe, sexa requirida.

É o único acto no que as indagacións se realizan polo persoal da propia unidade de recadación e sobre o propio escenario onde o suxeito debedor exercía a actividade que produciu as débedas das que se persigue o cobro ou no domicilio que constituía a residencia habitual do contribuínte, para este acceso se debe solicitar autorización do titular ou, no caso de que este se negue, autorización xudicial.

6.16.- Autorización xudicial de entrada en domicilio.

No caso de que o contribuínte se negara a facilita-lo acceso á recadación executiva no seu domicilio ou á sede onde se exerce a actividade, e, a súa vez, embargo dos bens sobre os que non existan limitacións legais de embargo.

6.17.- Mante-la débeda pendente en recadación executiva durante un ano por si existe a posibilidade de acumular a outros débitos.

Actuación que se comprobará de feito, sen necesidade de levantar dilixencia algunha, pola data de cargo dos valores á recadación executiva, así como da data do inicio do procedemento de apremio coa notificación da providencia.

SÉTIMO. Resolución. Declaración de fallido e crédito incobrable.

1. Cunpriméntado-los trámites indicados nos epígrafes anteriores, o titular do órgano que teña atribuída a dirección da xestión recadadora, a proposta da recadación executiva, e previa fiscalización do órgano de fiscalización interna, realizará a declaración de fallidos, de conformidade có previsto na Circular 2/91 de 14 de maio da Dirección Xeral de Recadación.
2. Poderá igualmente o Centro directivo da xestión recadadora dictar instrucións á recadación executiva, así como ordenar subsana-las deficiencias u omisións que se puideran producir.
3. Posteriormente o órgano municipal competente, a proposta do titular do Centro Directivo da Xestión recadadora – se no expediente non existisen responsables solidarios ni subsidiarios – acordará a declaración de incobrable de forma conxunta, u ordenará subsana-las deficiencias u omisións que se observen.

OITAVO. Efectos da declaración de crédito incobrable.

A declaración de crédito incobrible non produce inmediatamente a extinción da débeda, se non a baixa provisoria en conta do crédito, en tanto non transcorra o prazo de prescripción.

NOVENO. Revisión de fallidos e rehabilitación de créditos incobrables.

A recadación executiva vixiará a posible solvencia sobrevida dos obrigados ó pago declarados fallidos, en tanto non se extingan as accións de cobro por prescripción, revisando periodicamente as devolución e pagos de calquera índole que o Concello deba efectuar, así como calquera outro indicio ou signo externo que acredite que o debedor “viño a mellor fortuna”, para proceder, en caso afirmativo, a reabrir o procedemento executivo de acordo ó previsto no apartado 2 do artigo 167 do Regulamento Xeral de Recadación.

DEZ. Expedientes en curso.

A presente Instrucción será aplicable ós expedientes que á entrada en vigor da mesma se atopen en trámite.

ONCE. Baixas por referencia.

Declarado fallido un debedor e non existindo obrigados ou responsables das débedas, os créditos contra o mesmo de vencemento posterior á declaración se consideran vencidos e serán dados de baixa por referencia á devandita declaración, sen necesidade de ter que volver a repetir e duplica-lo expediente tramitado anteriormente (artigo 166 RGR).

DOCE. Atribucións do Centro Directivo da Xestión Recadadora. Modificacións á Instrucción.

Atendendo á evolución dos expediente, así como a circunstancias sobrevidas que puideran influír nos mesmos, ou cambio de criterio experimentado polo Centro Directivo da Xestión Recadadora, que se motivará debidamente, esta Dependencia se reserva o dereito a modifica-los grupos de débeda en función da súa contía, actuacións e documentación xustificativa a unir á proposta de fallidos realizada pola Recadación Executiva.

TRECE. Debedores con paradoiro descoñecido e ilocalizables.

Referente ós debedores que se atopen ilocalizables ou en paradoiro descoñecido, estes expedientes se tramitaran como fallidos e créditos incobrables, xa que en última instancia, do que se trata é de xustifica-la inexistencia de bens susceptibles de embargo e realización.

CATORCE. Entrada en vigor.

A presente Instrucción entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa notificación á Recadación Executiva.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da instrucción precedente.

33(270).- SOLICITUDE DE ASISTENCIA DA CONCELLERÍA DE TURISMO ÁS FEIRAS INTERNACIONAIS DE TURISMO ITB DE BERLÍN, SITC DE BARCELONA E SALÓN DO AUTOMÓVIL DE VIGO. EXPTE. 1401/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 17.02.04 conformado pola concelleira de Turismo e Comercio e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º Autoriza-la asistencia da Concellería de Turismo ás feiras internacionais de turismo ITB de Berlín, que terá lugar en Berlín do 12 ó 16 de marzo e S.I.T.C de Barcelona, que terá lugar na cidade condal do 21 ó 24 de abril. Asemade, Turismo de Vigo asitirá ó Salón do automóvil de Vigo que terá lugar na cidade do 1 ó 8 de maio no Recinto Feiral de Cotogrande.

2º Autorizar a seguinte relación de gastos do presuposto prorrogado para o ano 2004 que se derivan da participación de Vigo nos catro eventos:

Total reunións e conferencias, con cargo á partida 7510 22 60 600 (reunions e conferencias) do presuposto prorrogado para o ano 2004	12.041 €
Total gastos de locomoción de asistencia a feiras, con cargo á partida 7510 2310000, do presuposto prorrogado para o ano 2004	1.000 €
Total dietas, con cargo á partida 7510 2300000	900 €
Total dietas do persoal, con cargo á partida 7510 2300100, do presuposto prorrogado para o ano 2004	800 €

3º.- Que os gastos de locomoción e dietas devengados da participación nos devanditos eventos, non quedarán suxeitos ó previsto no Real Decreto 236/88 e que serán sufragados na súa totalidade con cargo ós presupostos municipais, previa acreditación dos mesmos.

4º.- Que en consecuencia, se libre a xustificar a nome de Dna. Yolanda Aguiar Castro, con DNI nº 36076445-W a cantidade de 14.741 euros, que deberán ser ingresados na conta habilitada do Departamento de Turismo nº 2080 0000780040246105”

34(271).- TOMA DE COÑECEMENTO DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 309/407.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe porposta do xefe dos Servicos Centrais do 4.12.03, conformado polo concelleiro-delegado de Urbarnismo, do 4.12.03, que di o seguinte:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servicios desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Dende esa data existen multas impostas por este organismo que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

Asimesmo, cando as autoliquidacións das taxas pola concesión de licencias de actividades e instalacións non son correctas, realízanse liquidacións complementarias que, en algúns casos, non son ingresadas no período voluntario, polo que tamén deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas e liquidacións complementarias de taxas que se remiten ó Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Sancións urbanísticas:

1)	Manuel Meira Covelo (NIF 36.036.324-Q)	600 euros
2)	Alvaro Vila Rodríguez (NIF 34.244.409-P)	2.100 euros
3)	José Antonio Requeijo García (NIF 33.791.053-M)	400 euros
4)	Isauro Freijedo Santeiro (NIF 34.574.815-L)	600 euros
5)	Luis Collazo Cabaleiro (NIF 35.881.265-T)	1.200 euros
6)	Venancio Comesaña Pérez (NIF 35.929.395-Z)	600 euros
7)	Antonio Comesaña Rodríguez (NIF 35.937.057-V)	2.214,51 euros
8)	Florentino Alonso Cabreira (NIF 36.036.363-D)	1.609,21 euros
9)	María Pilar Sotelo Millán (NIF 35.910.344-F)	300 euros
10)	Genoveva Rodríguez Martínez (NIF 35.844.232-C)	1.200 euros
11)	Rilope, S.L.(CIF B-36.865.236)	600 euros
12)	Rogelio Otero Pombar (NIF 00.281.601-N)	300 euros
13)	José Luis Otero Pombar (NIF 35.879.065-P)	300 euros

Liquidacións de taxas por licencias de actividades:

1)	Fruterías Don Juan, S.L. (CIF B-36.796.397)	286,93 euros
2)	Centro Asistencial Eurodental, S.L. (CIF B-36.843.779)	221,48 euros
3)	Agetrans Deza, S.L. (CIF B-36.337.608)	221,81 euros
4)	Techos Vigo, S.L. (CIF B-36.723.096)	252,93 euros
5)	José Manuel Rodríguez Barcia (NIF 35.559.611-R)	43,59 euros
6)	Foto Javier Noguero, S.L. (CIF B-36.873.545)	206,39 euros

A Xunta de Goberno queda enterada das anteditas sancións urbanísticas que se remiten ó tesoureiro municipal para que se dicte a correspondente providencia de apremio.

35(272).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA PARA A REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE.4511/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Xerencia de Urbanismo, do 20.02.04, que di o seguinte:

Emítese este informe-proposta, por solicitude verbal do sr. xerente de urbanismo do 18.02.2004, en relación coa proposta de convenio de colaboración por formalizar entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZJV), sobre rehabilitación do Casco Vello desta cidade.

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Por Acordo do Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia do 29.09.1997, declarouse o ámbito do Casco Vello de Vigo como «Área de Rehabilitación Integrada» (ARI), cunha delimitación coincidente coa do seu plan especial.

I.2. En data 02.03.2002 o IGVS, o Concello e o CZJV subscribiron un Acordo de colaboración co obxecto de sentar as bases para o desenvolvemento dunha serie de intervencións que contribuisen á rehabilitación do Casco Vello de Vigo, dispoñendo que, con base na declaración programática alí contida, realizarían as xestións pertinentes para redactar e someter á aprobación dos órganos competentes das respectivas Administracións o convenio ou convenios necesarios para desenvolver ese Acordo.

I.3. Case dous anos despois, o IGVS remite á Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) un borrador de convenio de colaboración para a rehabilitación do Casco Vello desta cidade, a subscribir entre aquel organismo autónomo, o Concello de Vigo e o CZJV.

I.4. O borrador inicial de convenio foi obxecto de diversas enmendas por parte da XMU, formuladas no convencemento da necesidade inexcusable de vencellar máis intensamente as actuacións previstas e os compromisos asumidos polas partes na proposta de convenio co instrumento de ordenación urbanística: o PEPRI Casco Vello, actualmente en tramitación (exp. nº 7888/411).

I.5. Asumidas en boa parte polo IGVS as observacións e suxerencias realizadas desde a XMU e coas limitacións que implica a negociación dun convenio que debe satisfacer os intereses das tres partes, entendemos que o texto final resultante, elaborado conxuntamente entre a secretaría xeral do IGVS e a asesoría xurídica da xefatura desta Xerencia, representa un razoable acordo que debería posibilitar a consecución dos obxectivos expresados no convenio.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do Medio rural de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/92, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRBRL (L.7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/86, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRLCAP (RDLex.2/2000, do 16 de xuño, Texto Refundido da Lei de contratos das Administracións públicas).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).
- Bases de execución dos orzamentos municipais (exercicio de 2003).

III. INFORME

III.1. CAPACIDADE PARA CELEBRAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN:

III.1.1. Con carácter xeral, establece a LRX-PAC que: «As Administracións públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ó Ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso preveña a disposición que o regule...» (Art. 88.1 LRX-PAC).

III.1.2. Xa especificamente, e en relación coas Entidades Locais, o TRRL reconece que: «As Entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, se é o caso, en favor de ditas Entidades» (Art. 111 TRRL).

III.1.3. As relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia, tanto nos asuntos locais como nos de interese común, desenvolveranse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, puidendo ter lugar, en todo caso, mediante a subscripción de convenios (Arts. 57 LRBRL e 194 LALGA).

III.1.4. En efecto, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, sendo así que:

- a) O IGVS é o organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola L.3/1988, do 27 de abril, encargado de executar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, puidendo, para o adecuado exercicio das súas competencias (Arts. 5 da L.3/1988 e 12 do D.288/1988, do 29 de setembro), subscribir os correspondentes convenios con outros organismos e entidades, así como con empresas con participación pública maioritaria. A súa actividade urbanística pode abranguer tanto a promoción de solo e a renovación ou a remodelación urbana como a realización de obras de infraestruturas e de dotación de servizos (Art. 4.1.e) L.3/1988).
- b) Segundo a lexislación vixente en materia de réxime local e dentro dos seus respectivos ámbitos territoriais, os concellos teñen atribuídas competencias para levar a cabo a promoción de toda clase de actividades e a prestación de tódolos servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da colectividade. En particular, ostentan competencias -nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas- en

materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística, promoción e xestión de vivendas, e patrimonio histórico-artístico (Arts. 25.2 apdos. d] e e] LRBRL e 80.2 apdos. d] e e] LALGA).

- c) *O Consorcio da Zona Franca de Vigo ten personalidade xurídica e plena capacidade para realizar cantos actos sexan necesarios ou convenientes para o desenvolvemento e logro do seu obxecto, mesmo para adquirir bens de todas clases, incluso os inmobles necesarios ou convenientes para o seu bo funcionamento, puidendo ser beneficiario da expropiación.*

III.2. CONTIDO DA PROPOSTA DE CONVENIO:

III.2.1. Constitúe o obxecto deste convenio a instrumentación da colaboración institucional entre o IGVS, o Concello de Vigo e o CZFV para levar a cabo, de acordo coas previsións do PEPRI do Casco Vello de Vigo, unha serie de actuacións e intervencións que contribúan ó proceso de rehabilitación da súa «Área de Rehabilitación Integrada» (coincidente coa delimitación do PEPRI), mediante a adquisición de terreos, a adquisición e rehabilitación de inmobles e a rehabilitación e mellora do medio urbano.

III.2.2. Para estes efectos, as partes contemplan a posibilidade de constituir unha sociedade mercantil coa finalidade de levar a cabo a adquisición e rehabilitación dos inmobles seleccionados.

III.2.3. Para a realización desas actuacións, ben a sociedade mercantil ou, individualmente, calquera dos integrantes da mesma, elaborarán un estudio co obxecto de determinar as concretas unidades edificatorias sobre as que actuar, que preferentemente serán as incluídas nas Unidades de Expropiación previstas no PEPRI do Casco Vello, que teñen como finalidade a obtención de dotacións e de espazos públicos e a revitalización de zonas degradadas mediante a adquisición de inmobles, de uso principal vivenda, para a súa completa revitalización.

III.2.4. Sobre a base dese estudio, e tendo en conta a preferencia concedida polas partes á execución das Unidades de Expropiación do PEPRI, determinaranse as actuacións por realizar, respectando a proporción de participación de cada socio en función dos usos previstos e, con carácter xeral, utilizarase como criterio rector que os edificios con destino a vivenda serán asignados preferentemente ó IGVS e os que teñan outros usos ó Concello de Vigo e ó Consorcio Zona Franca.

III.2.5. A comision de seguimento do convenio ou, se é o caso, a sociedade mercantil iniciarán as actuacións tendentes a xestionar a adquisición dos edificios mediante mutuo acordo ou mediante expropiación forzosa e a contratar a redacción dos proxectos de rehabilitación e urbanización, a execución das obras de rehabilitación e as obras de urbanización e adecuación dos espazos resultantes.

III.2.6. Unha vez rematadas todas as actuacións, a finalidade do convenio entenderase cumprida e procederase á disolución da sociedade, sendo da competencia de cada organismo a xestión ou adxudicación dos edificios, locais ou vivendas resultantes en función do seu uso e en proporción ás aportacións feitas por cadaquén.

III.2.7. A achega financeira máxima á que se comprometen en conxunto o IGVS, o Concello de Vigo e o CZFV para a realización de todas as actuacións obxecto deste convenio ascende á cantidade de 27.000.000 de €, IVE e todos os demais conceptos incluídos (elaboración dos proxectos, cantidades derivadas dos gastos de seguridade e saúde, honorarios de dirección facultativa e gastos de xestión de obra, licencias, autorizacións administrativas, contratación de servizos e subministrados, etc.).

III.2.8. O IGVS e o CZFV chegarán, cada un deles, a cantidade máxima de 12.000.000 €, IVE incluído, de acordo coa distribución de anualidades e con cargo as aplicacións orzamentarias que constan na Estipulación octava do convenio.

III.2.9. O Concello de Vigo asume os compromisos de tramitar coa maior dilixencia os correspondentes expedientes expropiatorios e de facilitar e axilizar a obtención dos permisos, licencias e autorizacións que sexan necesarias para a realización das actuacións previstas no convenio, así como, se é o caso, de chegar as acometidas dos servizos ós inmobles afectados.

Achega igualmente ó convenio a cantidade total de 3.000.000 de €, IVE incluído, aínda que, unha vez constituída a sociedade, o Concello poderá, previa conformidade do resto dos socios, ampliar a súa participación mediante aportacións dinerarias ou de edificacións, en función das súas disponibilidades orzamentarias.

III.2.10. En todo caso, debería clarexarse a relación e congruencia entre os compromisos asumidos neste convenio polo IGVS e o CZFV coas previsións de distribución do financiamento que, en relación con eses dous organismos, se reflicten no estudo económico-financieiro do PEPRI Casco Vello.

III.2.11. O seguimento e control institucional do cumprimento deste convenio levaríase a cabo a través dunha comisión mixta integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

III.2.12. O período de vixencia do convenio comezará ó día seguinte do seu asinamento e extenderase ata o 28.12.2008, sen prexuízo da posibilidade de prorrogalo por causa debidamente xustificada.

III.3. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS SOBRE A PROPOSTA DE CONVENIO

III.3.1. Os convenios de colaboración son instrumentos de acción concertada de natureza contractual (malia que excluídos do TRLCAP), nados da libre determinación das partes e vinculantes para as mesmas conforme ó principio xeral do Dereito «Pacta sunt servanda».

III.3.2. En relación coa concreta proposta de convenio obxecto deste informe, cómpre dicir que a súa natureza xurídica é a dun convenio interadministrativo de colaboración, perfectamente admisible ó abeiro do disposto na lexislación de réxime local -estatal e autonómica- e na lexislación de contratos das Administracións públicas, que os exclúe do seu ámbito de aplicación, coa salvedade que a seguir se dirá.

III.3.3. Así, en efecto, en consonancia co disposto no artigo 3.1.c] do TRLCAP, nas Bases de execución dos orzamentos deste Concello para o exercicio de 2003 precísase que:

«1. Os convenios de colaboración que establezan o Concello e os seus organismos autónomos con outras administracións ou entes de dereito público, quedarán fóra do ámbito de aplicación da Lei de contratos das administracións públicas» (Base nº 40).

III.3.4. O convenio obxecto de informe ten natureza xurídico-administrativa e rexerese, en todo o non previsto nel, polos principios do TRLCAP para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen plantexarse, así como as demais disposicións que resulten de aplicación (Art. 3.2 TRLCAP).

III.3.5. A resolución dos litixios que puidesen xurdir sobre interpretación, cumprimento, extinción, resolución e efectos deste convenio será da competencia dos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, como así resulta do establecido na vixente LRXCA.

III.3.6. Desde o punto de vista formal, a proposta de convenio axústase esencialmente ó esquema indicado nos artigos 6 da LRX-PAC e 199 da LALGA, con expresa indicación de títulos competenciais, mecanismos de coordinación e seguimento, vixencia, prorrogabilidade, mecanismos de denuncia e de solución de controversias, etc.

III.3.7. Finalmente, considerando, salvo mellor criterio, que se trata dun convenio interadministrativo de colaboración cun obxecto plural pero no que o núcleo esencial está constituído pola programada adquisición de terreos e inmobles na «ARI» do Casco Vello de Vigo para a posterior rehabilitación destes, poderíase concluir que, mais que cun convenio urbanístico, esta actuación convencional debería relacionarse cos outros instrumentos que en materia de rehabilitación se están a desenvolver neste mesmo ámbito; significadamente, os convenios de rehabilitación formalizados desde 1999 entre o IGVS e o Concello ó abeiro dos sucesivos Plans cuatrienais de vivenda e solo.

Á parte de polo seu obxecto ou propósito fundamental, tampouco non estaríamos en presenza dun convenio de natureza estritamente urbanística no sentido recollido na regulación da LOUGA, xa que nin é un convenio preparatorio de planeamento nin -en sentido propio- de execución deste; o que esixiría, en todo caso, a existencia dun planeamento urbanístico en vigor por executar «no momento de formalización do convenio» (Art. 236.1, in fine); o que aquí non sucede en relación co PEPRI do Casco Vello, só inicialmente aprobado neste momento. En consecuencia, non resultarían de aplicación as determinacións legais, substantivas e procedimentais, contidas nos artigos 233-237 da LOUGA.

O planeamento especial previsto (PEPRI Casco Vello) xoga aquí non tanto como presuposto do convenio (por hipótese, podería realizarse aínda en ausencia del), senón máis ben como obrigado marco xeral de actuación e parámetro para determinar a orde de prioridades na execución das futuras intervencións programadas.

IV. PROPOSTA

Polo que antecede, procedería que a Xunta de Goberno local, unha vez recabados os preceptivos informes de secretaría e da interventora municipal xeral, adoptase o seguinte,

«ACORDO

- PRIMEIRO:** Prestar conformidade á proposta de CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA, PARA A REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DESTA CIDADE, co texto que figura transcrito na parte expositiva deste acordo.
- SEGUNDO:** Facultar expresamente á Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta para o asinamento deste convenio, así como para a realización das actuacións necesarias en orde á súa execución.
- TERCEIRO:** Remitir certificación administrativa deste acordo ó IGVS e ó CZFV, dando tamén traslado de copia do mesmo ás Oficinas de Planeamento-Xestión e de Barrios Históricos da Xerencia e ó equipo redactor do PEPRI Casco Vello, para o seu coñecemento e demais efectos».

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

Constan no expediente informe do xefe de Contabilidade, do 26.02.04, conformado pola interventora xeral e informe do secretario do Pleno, do 2.03.04.

Con data 4.03.04 o proxecto de convenio foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia con algunhas modificacións.

Acordo

A Xunta de Goberno, á vista dos antecedentes, acorda:

1º.- Prestar conformidade á proposta de CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA, PARA A REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DESTA CIDADE, co texto que figura transcrito na parte dispositiva deste acordo.

2º.- Facultar expresamente á Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta para o asinamento deste convenio, así como para a realización das actuacións necesarias en orde á súa execución.

3º.- Remitir certificación administrativa deste acordo ó IGVS e ó CZFV, dando tamén traslado de copia do mesmo ás Oficinas de Planeamento-Xestión e de Barrios Históricos da Xerencia e ó equipo redactor do PEPRI Casco Vello, para o seu coñecemento e demais efectos».

4º.- Ordear a tramitación da correspondente modificación orzamentaria polo importe do compromiso económico do Concello para o exercicio 2004, con carácter urxente para que poida ser aprobada na próxima sesión do Concello Pleno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA, PARA A REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DESTA CIDADE.

En Vigo, o XXXXXXX de XXXXXXX do 2004.

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Alberto Núñez Feijóo, Conselleiro de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda e Presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo, no seu nome e representación.

Doutra parte, a Excm. Sra. Dª. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo, no seu nome e representación.

Doutra parte, D. Pablo Egerique Martínez, Delegado do Estado da Zona Franca de Vigo, no seu nome e representación.

As partes, recoñécense no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

I. Que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (en adiante IGVS) é o organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, encargado de executa-la política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, podendo, para o adecuado exercicio das súas competencias, segundo se establece no artigo 5 da antedita lei e no artigo 12 do Decreto 288/1988, do 29 de setembro, do seu desenvolvemento, subscribi-los correspondentes convenios con outros organismos e entidades, así como con empresas con participación pública maioritaria. A súa actividade urbanística, segundo se desprende do establecido no artigo 4.1. e) da súa Lei de creación, pode abranguer, tanto a promoción de solo e a renovación ou a remodelación urbana como a realización de obras de infraestrutura e de dotación de servizos.

II. Que de conformidade co establecido tanto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL), como na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA), os concellos teñen atribuída, entre outras, a competencia relativa ó fomento dos intereses peculiares do municipio, contemplándose nos artigos 57 e 195 das Leis citadas, a figura do convenio administrativo como un instrumento xurídico adecuado para a colaboración das administracións locais e autonómica para os asuntos de interese común.

III. Que, segundo a Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 11 de maio de 1998 (BOE nº 113, do 12.05.1998), que modifica os artigos 5 e 7 da Orde do 24 de xullo de 1951 (BOE do 01.08.1951), pola que se estableceu o Estatuto Fundacional do Consorcio da Zona Franca de Vigo, este ten personalidade xurídica e plena capacidade para realizar cantos actos sexan necesarios ou convenientes para o desenvolvemento e logro do seu obxecto, mesmo para adquirir bens de todas clases, incluso inmobles necesarios ou convenientes para o seu bo funcionamento, podendo ser beneficiario da expropiación.

IV. Que, segundo a lexislación vixente en materia de réxime local e dentro dos seus respectivos ámbitos territoriais, os concellos teñen atribuídas competencias para levar a cabo a promoción de toda clase de actividades e a prestación de tódolos servizos que contribúan a satisfacer as necesidades da colectividade. En particular, ostentan competencias -nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas- en materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística, promoción e xestión de vivendas, e patrimonio histórico-artístico (Arts. 25.2 apdos. d) e e] LRBRL e 80.2 apdos. d) e e] LALGA).

V. Que por Acordo do Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia do 29 de setembro de 1997, declarouse o ámbito do Casco Vello de Vigo como «Área de Rehabilitación Integrada», cunha delimitación coincidente coa do seu plan especial.

VI. Que en data 2 de marzo de 2002 as partes subscribiron un Acordo de colaboración co obxecto de sentar as bases para o desenvolvemento dunha serie de intervencións que contribuisen á rehabilitación do Casco Vello de Vigo, dispoñendo que, con base na declaración programática alí contida, realizarían as xestións pertinentes para redactar e someter á aprobación dos órganos competentes das respectivas Administracións o convenio ou convenios necesarios para desenvolver ese Acordo.

De acordo co anteriormente exposto, e co obxectivo de coordina-las actuacións dos Organismos intervinetes na consecución dos obxectivos previstos, as partes asinantes acordan formalizar o presente convenio con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto levar a cabo, de acordo coas previsións do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello de Vigo, unha serie de actuacións e intervencións que contribúan ó proceso de rehabilitación da súa «Área de Rehabilitación Integrada» (ARI), mediante a adquisición de terreos, a adquisición e rehabilitación de inmobles e a rehabilitación e mellora do medio urbano.

Segunda.- A tal efecto, as partes asinantes poderán constituir unha sociedade mercantil coa finalidade de levar a cabo a adquisición e rehabilitación dos inmobles seleccionados. Os integrantes da sociedade poderán realizar aportacións non dinerarias tanto en bens inmobles situados no ámbito de actuación obxecto deste Convenio («ARI» do Casco Vello de Vigo, coincidente coa delimitación do PEPRI, reflectida en plano anexo) como, de ser o caso, en estudos e traballos previos de rehabilitación.

Terceira.- Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula primeira, ben a sociedade mercantil ou, individualmente, calquera dos integrantes da mesma, elaborarán un estudio co obxecto de determinar as concretas unidades edificatorias sobre as que actuar, que preferentemente serán as incluídas nas Unidades de Expropiación previstas no PEPRI do Casco Vello, que teñen como finalidade a obtención de dotacións e de espazos públicos e a revitalización de zonas degradadas mediante a adquisición de inmobles, de uso principal vivenda, para a súa completa revitalización. O devandito estudio deberá, como mínimo, ter o seguinte contido:

1º) Confección dunha relación de edificios do Casco Vello de Vigo, incluídos nos ámbitos antes citados, susceptibles de adquisición, coa titularidade de cada un deles e clasificados por sectores ou ámbitos territoriais homoxéneos.

2º) Valoración de cada unha das unidades edificatorias sinalando:

- a) Prezo de adquisición dos edificios.
- b) Custo estimado de rehabilitación.
- c) Custo estimado dos honorarios de redacción de proxecto e dirección de obra.
- d) Custo estimado de licencias e permisos.
- e) Aproveitamento previsto.
- f) Catalogación do edificio sinalando a posible protección do mesmo e os elementos a conservar, de ser o caso.

Así mesmo, e sempre de acordo coas determinacións do PEPRI e demais instrumentos de ordenación e xestión aplicables, o estudio conterá unha referencia ós criterios básicos de intervención, ás posibles axudas para a execución do programa de rehabilitación e ó plan de etapas para a adquisición, rehabilitación e urbanización.

Para a realización destes traballos, seguiranse as bases técnicas que para a súa realización estableza a comisión de seguimento ou, no seu caso, o consello de administración da sociedade, si xa estivese creada.

Sobre a base dese estudio e tendo en conta a preferencia concedida polas partes á execución das Unidades de Expropiación do PEPRI, determinaranse as actuacións por realizar, respectando a proporción de participación de cada socio en función dos usos previstos e, con carácter xeral, utilizarase como criterio rector que os edificios con destino a vivenda serán asignados preferentemente ó IGVS e os que teñan outros usos ó Concello de Vigo e ó Consorcio Zona Franca.

Cuarta.- As persoas asinantes do presetne convenio ou, se é o caso, a sociedade mercantil, unha vez sentadas as bases de actuación sinaladas na estipulación anterior, iniciará as seguintes actuacións :

- 1º) Xestionar a adquisición dos edificios.
- 2º) Contratación da redacción dos proxectos de rehabilitación e urbanización.
- 3º) Contratación da execución das obras de rehabilitación.
- 4º) Contratación das obras de urbanización e adecuación dos espazos resultantes.

Unha vez rematadas tódalas actuacións, a finalidade do convenio entenderase cumprida e procederase á disolución da sociedade, sendo da competencia de cada organismo a xestión ou adxudicación dos edificios, locais ou vivendas resultantes en función do seu uso e en proporción ás aportacións feitas por cadaquén.

Quinta.- O Concello de Vigo tramitará, coa maior dilixencia, os correspondentes expedientes expropiatorios.

Sexta.- Calquera dos asinantes deste Convenio poderá acometer, coa autorización dos outros participantes, previa realización dos estudos e traballos de rehabilitación que procedan e sempre de acordo coas directrices do planeamento urbanístico, actuacións puntuais en terreos e edificios situados na ARI do Casco Vello de Vigo, que posteriormente poderán achegarse á mercantil ou incluírse entre as súas actuacións e que contribúan a acelerar o proceso de rehabilitación da mesma.

Sétima.- A achega máxima á que se comprometen en conxunto o IGVS, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para a realización de todas as actuacións obxecto deste Convenio ascende á cantidade máxima de 30.000.000 de €, IVE e todos os demais conceptos incluídos (elaboración dos proxectos, cantidades derivadas dos gastos de seguridade e saúde, honorarios de dirección facultativa e gastos de xestión de obra, licencias, autorizacións administrativas, contratación de servizos e subministrados, etc.).

Oitava.- O IGVS aportará a cantidade máxima de 12.000.000 €, IVE incluído, de acordo coa seguinte distribución de anualidades e con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

	06.60.331A.607.00	06.60.331A.608.10	06.60.331A.854.00	TOTAL
2004			300.000	300.000
2005	1.000.000	500.000	1.400.000	2.900.000
2006	1.000.000	2.000.000	1.200.000	4.200.000
2007		2.000.000	1.000.000	3.000.000
2008		600.000	1.000.000	1.600.000
TOTAL	2.000.000	5.100.000	4.900.00	12.000.000

O Concello de Vigo aportará a cantidade de 3.000.000 €, IVE incluído, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

2004..... 3.000.000 €

O Concello poderá, previa conformidade do resto dos socios, ampliar-la súa participación mediante aportacións dinerarias ou de edificacións, en función das súas disponibilidades presupostarias.

O Consorcio da Zona Franca de Vigo aportará a cantidade máxima de 12.000.000 €, IVE incluído. A dita achega farase efectiva segundo a seguinte distribución de anualidades:

2004.....	300.000 €
2005.....	2.000.000 €
2006.....	2.700.000 €
2007 e 2.008:	segundo necesidades da inversión ata completar os 15.000.000 €

Novena.- O Concello de Vigo asume o compromiso de facilitar e axilizar a obtención dos permisos, licencias e autorizacións que sexan necesarias para a realización das actuacións previstas no presente convenio, así como, se é o caso, de achegar as acometidas dos servizos ós inmobles afectados.

Décima.- O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ó do seu asinamento e extenderase ata o día 28 de decembro do ano 2008, sen prexuízo da posibilidade de prórroga, de acordo cos procedementos legalmente establecidos.

Undécima.- O Convenio será executivo no momento en que se proceda á identificación das actuacións a levar a cabo por cada unha das partes asinantes.

Duodécima.- Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

Décimo terceira.- Serán causas de resolución do presente convenio:

1. O seu incumprimento total ou parcial.
2. O transcurso do tempo estipulado, agás causa debidamente xustificada, que implique a súa prórroga.

Décimo cuarta.- Ó presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos das Administracións públicas, conforme ó disposto no artigo 3.1 do RDLex.2/2000, do 16 de xuño, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, coa salvedade, segundo o apartado 2 do mesmo artigo, da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolver-las dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

Décimo quinta.- Dada a natureza xurídico pública do presente documento, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do Convenio serán resoltas pola xurisdicción contencioso administrativa.

En proba de conformidade, asínase o presente Convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data antes citados.

36(273).- SUBSTITUCIÓN DO AVAL CONSTITUÍDO POR PROMOCIONES O CASTRO S.L. POR OUTRO PARA RESPONDER DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN QUE RESTA POR EXECUTAR NA U.A. I DO PERI II-03 CASTRO CASTRIÑO. EXPTE. 3724/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servicio de Planeamento e Xestión, do 23.02.04, que di o seguinte:

- 1º.- *O Concello-Pleno de Vigo, con data do 3 de novembro de 1994, aprobou definitivamente o proxecto de apertura e urbanización da U.A. I do PERI II-03 Castro-Castriño, cun presuposto total de 54.059.599 ptas.*
- 2º.- *Para garanti-la execución das obras derivadas do proxecto de urbanización, esta Administración municipal esixiu da entidade “Promotora O Castro, S.L.” a constitución dun aval por importe do 46,076% --percentaxe que representa no total do ámbito a parcela propiedade desta entidade--, do presuposto total da urbanización antes dito que ascendía a 54.059.599 ptas.; aval que foi constituido pola referida entidade a medio de mandamento de constitución de depósitos núm. 8-95-4-00431, de data 15 de febreiro de 1995, por un total de 24.908.500 ptas.*
- 3º.- *As obras foron executadas na súa meirande parte e recibidas polo Concello por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 18 de decembro de 1998, restando por executa-las obras de urbanización correspondentes ó vial en fondo de saco e sendeiro peonal.*
- 4º.- *As obras pendentes de realización non puidera aínda executarse ó negarse a propietaria da parcela de orixe --poseedora aínda, dos terreos nos que se emprazan as obras--, a permiti-lo acceso á parcela e a realización das ditas obras e terse denegado, a estes efectos, por auto do Xulgado de Instrucción número 3 dos de Vigo, do 20 de febreiro de 1998, a autorización xudicial para a entrada na dita parcela de orixe sobre a base da falta de valoración da reconstrucción de edificacións, muros ou elementos ornamentais, que a propietaria da referida parcela pretende fronte á Xunta de Compensación; pretensión pola que co núm. 02/4127/03 se segue, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recurso contencioso-administrativo contra esta Administración municipal e a Xunta de Compensación do polígono.*

A dita denegación de entrada foi reiterada por novo auto do 18 de febreiro de 2000 do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, confirmado en apelación por auto do 24 de novembro de 2000 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- 5º.- *Con data do 30 de marzo de 2003, D. Gumersindo Rivera Martínez, en representación de “Promotora O Castro, S.L.”, solicitou desta Administración municipal a substitución do aval inicialmente constituido por outro que garantice a parte de urbanización pendente de execución ó non ser imputable á esta a falta de remate das obras e resultar desproporcionada a cuantía do aval subsistente en relación co custo das obras pendentes de executar.*
- 6º.- *O enxeñeiro técnico municipal, con data do 23 de febreiro de 2004, informa que as obras pendentes de executar están valoradas no proxecto de referencia en 10.448,60 euros.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Tendo por obxecto o aval constituído garanti-lo cumprimento da obriga de urbanización recainte sobre “Promotora O Castro, S.L.”; establecido o seu importe en función do custo das obras de urbanización aprobadas; recibidas estas na súa meiramente parte, a salvo as que restan por executar que importan no proxecto a cantidade de 10.448,60 euros e, por último, extingúndose, de acordo co artigo 1.847 do Código Civil, a obriga do fiador --garantiza-la obriga de urbaniza-las obras xa recibidas--, ó mesmo tempo que a do deudor, de acordo co principio de proporcionalidade e toda vez que a falta de remate das obras non é imputable ó obrigado, procede acceder ó solicitado.

II.- É competente para adopta-lo acordo que de seguido se propón á Xunta do Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1.d) da LRBRL.

Polo exposto, e en mérito das precedentes consideracións e artigos citados propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO :

Primeiro.- Acceder ó solicitado pola entidade “Promociones O Castro, S.L.” no seu escrito do 30 de marzo de 2003 e, xa que logo, autoriza-la substitución do aval por importe de 24.908.500 ptas., mandamento de ingreso núm. 8-95-4-00431, de data 15 de febreiro de 1995, por un novo aval por importe de 10.448,60 euros, custe no que se estima no proxecto de urbanización a execución das obras que restan por executar na U.A. I do PERI II-03 Castro-Castriño, que corresponde satisfacer á dita entidade.

Segundo.- Notifíquese, en legal forma, o presente acordo ó interesado no expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

37(274).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN POLÍGONO 1 DO PERI II-12 A FLORIDA B. EXPTE. 4479/401/03.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión do 20.02.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 07/09/1990 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior "II-12-A Florida-B". No 07/12/1997 aprobáronse as Bases e Estatutos do Polígono 1 do devandito PERI (BOP núm. 14, do 22/01/1998). No 05/03/1998 constituíuse a Xunta de Compensación (XC) do Polígono, mediante Escritura Pública, que foi aprobada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo mediante acordo do 15/05/1998. En datas respectivas 04/04/2002 e 31/10/2002 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación e Proxecto de Urbanización deste ámbito (exptes. 4245/401 e 4367/401).

2.- No 29/07/2003 a devandita XC acordou en asemblea xeral, co voto unánime dos asistentes, aproba-la modificación puntual do Proxecto de Compensación no referente ás parcelas resultantes "54", "3", "46" e "47". No 07/11/2003 o representante da XC comunicou dito Acordo a esta Administración municipal, achegando o correspondente Texto Refundido do Proxecto de Compensación derivado desta modificación puntual.

No 13/11/2003 o enxeñeiro municipal emitiu Informe favorable sobre a pretendida modificación.

O expediente expúsose ó público durante 20 días hábiles, mediante publicación de anuncio no DOG núm. 5, do 09/01/2004 e notificación individualizada ós interesados.

Durante dito período non se interpuxo ningún escrito de alegacións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Este procedemento de modificación puntual do Proxecto de Compensación do Polígono 1 do "PERI II-12 A Florida B" tramitouse consonte co preceptuado na Disp. Trans. Novena Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) e demais normativa de obrigada aplicación.

Non se altera nin a edificabilidade nin a ordenación do polígono. A modificación obedece á rectificación dun erro material na descripción da parcela resultante "54", e á vontade dos adquirentes das parcelas núms. "3", "46" e "47" de reconfiguralas.

Como consecuencia desta modificación, elaborouse un texto refundido do Proxecto de Compensación, coas cotas de participación dos propietarios actualizada.

É competente para emiti-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no Art. 127 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL), modificado por Lei 14/2003, do 20 de novembro.

En virtude do exposto, propónse ó Consello da Xerencia, para que a súa vez lle propoña á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente a modificación núm. 1 do Proxecto de Compensación do Polígono 1 do PERI "II-12 A Florida B", referida ás fincas resultantes núms. "3", "46", "47" e "54"; así como o Texto Refundido do Proxecto de Compensación derivado de dita modificación, coas cotas de participación actualizadas (expte. 4479/401).

SEGUNDO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación e propietarios do ámbito, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Unha vez firme na vía administrativa arquívase este expte. xunto co núm. 4245/401.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

38(275).- PETICIÓN DE DECLARACIÓN DE NULIDADE DE ACORDOS PLENARIOS DE 27.11.92, 3.08.98 E 28.04.03 RELATIVOS A PERMUTA DE PARCELAS MUNICIPAIS POR OUTRAS PROPIEDADES DE "MIRAFLORES VIGO S.A.", SITUADAS NO ÁMBITO DO PERI A BOUZA SUR. EXPTE. 4457/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión do 20.02.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- Con data 26 de outubro de 1992 o entóns Concelleiro de Planeamento Urbanístico, en representación do Concello de Vigo e a mercantil "Miraflores de Vigo, S.A." asinaron un convenio a virtude do cal a devandita entidade comprometeuse a ceder ó Concello de Vigo unha parcela da súa propiedade de 16.482 m2 de superficie, segundo rexistro, sita na parroquia de Sárdoma, afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos e o Concello de Vigo, pola súa parte, a tramitar un Plan Especial de Reforma Interior, ou a correspondente figura de planeamento urbanístico derivada do expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo á LASGA, no que se ordenaría, entroutros, o aproveitamento que no mesmo convenio se lle recoñece á parcela cedida --2 m2/m2-- que é de 32.964 metros cadrados. Dito convenio foi ratificado polo Concello-Pleno por acordo de 27 de novembro de 1992.

Nas estipulacións do convenio fíxose constar como condición especial a de que "se por calisqueira razón non chegase a se aprobar definitivamente a figura de planeamento mencionada no prazo de oito meses contados a partir do momento da presentación da mesma no Rexistro Xeral do Concello, para a súa tramitación, "Miraflores, Vigo, S.A." poderá esixir que se reinicie polo Ministerio de Obras Publicas e transportes o expediente para a determinación do xustiprecio correspondente ó solo da finca cedida por este convenio ó Concello de Vigo."

2º.- Se ben a cesión da parcela de referencia ó Concello de Vigo non se elevou a escritura pública ata 1999, a mesma foi posta a disposición desta Administración local e ocupada polo actual Ministerio de Fomento a virtude dos devanditos convenios. Non obstante o cumprimento da cesión convenida, por parte da entidade "Miraflores de Vigo, S.A.", esta Administración municipal non logrou dar cumprimento o seu compromiso de tramitación do Plan Especial de Reforma Interior, prometido para ordena-los aproveitamentos reconecidos a "Miraflores Vigo, S.A" en virtude do devandito convenio, pero si aprobou, co Plan Xeral de 1993, para os terreos nos que se pretendía a

aprobación do devandito Plan Especial de Reforma Interior, a delimitación dun Plan Parcial, o denominado Plan Parcial Quirós e as determinacións da súa ficha de características, que incluían a edificabilidade prevista no convenio: "1m²/m² (*) .- (*) segundo convenio con Miraflores, S.A., incorporando 2 m²/m² de finca cun total de 32.964 m² a engadir".

Así as cousas, "Miraflores Vigo, S.A.", con data 20 de decembro de 1996, a medio da formulación de consulta previa, solicitou que a edificabilidade recoñecida no repetido convenio se materializase no ámbito do Plan Parcial Quirós, previsto no PXOU de 1993, de conformidade coa súa ficha. Sen embargo, por considerar que tal posibilidade conlevaba unha importante sobreintensificación de uso no ámbito, proscrita polo artigo 26 da Lei 11/1985, de 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 4 de abril de 1997, pronunciouse sobre esta petición no sentido de dispoñer-la redacción do Plan Parcial de acordo coa edificabilidade de 1 m²/m², prevista na súa ficha de características, que se aplicaríase á superficie real do polígono, e trasladar a edificabilidade recoñecida á parcela de cesión a solos vacantes, con establecemento de criterios de ponderación en función da futura localización.

3º.- De conformidade con este pronunciamento, o Pleno do Concello de Vigo, en data 3 de agosto de 1998, acordou: "Transferir 31.786 m² edificables dos 32.964 m² recoñecidos á entidade Miraflores Vigo, S.A., por acordo plenario de 27 de novembro de 1992 ás parcelas de titularidade municipal núms. 9 ó 13, ámbalas dúas inclusive, do proxecto de compensación do polígono I do PERI A Bouza Sur", precisando que "os 1.178 m² edificables que restan por adjudicar, materializaranse a nome de dita entidade na aprobación do correspondente proxecto de compensación do Plan Parcial Quirós, deducíndose do aproveitamento urbanístico que corresponda á Administración municipal, e coa seguinte observación: A totalidade da edificabilidade que se transfire debe destiñarse a vivendas en réxime de protección oficial: vivendas libres de prezo taxado, vivendas de réxime xeral ou vivendas de réxime especial (...)".

Ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e co número 02/6866/1998, seguiu-se recurso contencioso-administrativo en impugnación deste acordo plenario no que, con data 17 de xullo de 2003, recaeu sentenza anulatoria do mesmo.

4º.- A medio de escritura pública de 9 de xuño de 1999, autorizada polo notario de Vigo D. Alejo Calatayud Sempere, co número 1.497 de orde do seu protocolo, produciuse a transmisión á entidade mercantil "Miraflores de Vigo, S.A." de cinco parcelas municipais, sitas no polígono 1 do PERI da Bouza Sur, resultantes do correspondente proxecto de compensación (fincas núms. "9", "10", "11", "12" e "13"), cunha edificabilidade total de 31.786 m², afectas ó destino de vivendas en réxime de protección oficial e ó pago da correspondente cota de urbanización. Tamén, na mesma escritura, "Miraflores Vigo, S.A." ratificou a cesión ó Concello de Vigo da finca obxecto do convenio de 26 de outubro de 1992, elevando nese acto o convenio a escritura pública,

5º.- Á vista das recentes resolucións xudiciais recaídas en relación con ámbitos contiguos ó do plan especial da Bouza Sur e con xustificación na conveniencia de reordena-los aproveitamentos urbanísticos da zona --e dentro destes, os previstos para vivendas de protección pública no polígono 1 do PERI da Bouza Sur, para o cal entendíase necesaria a súa adquisición--, posta de manifesto con ocasión da necesidade de execución das ditas resolucións xudiciais, o alcalde-presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data do 19 de setembro de 2001, formulou á entidade "Miraflores de Vigo, S.A." a oferta de precontrato de permuta, que obra no seu expediente, das devanditas parcelas por bens do Patrimonio Municipal do Solo a determinar no momento da

negociación da permuta prometida e con data do 28 de abril de 2003, o Concello-Pleno acordou aprobar, nos termos e coas condicións establecidas na parte expositiva do propio acordo, a permuta das parcelas municipais, actuais e futuras, que se describen na citada parte expositiva, polas repetidas parcelas propiedade de "Miraflores Vigo, S.A.", sitas no polígono 1 da Bouza Sur; permuta que se someteu a unha condición resolutoria expresa consistente no feito futuro e incerto de que no recurso contencioso administrativo pendente, interposto contra o acordo plenario de data 3 de agosto de 1998, sobre transferencia de edificabilidade, recaise sentenza anulatoria do mesmo.

A permuta foi outorgada en escritura pública de data 10 de xuño de 2003, autorizada polo notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González, actuando en substitución e para o protocolo do seu compañeiro de residencia D. Luis Rajoy Brey, co número 539 de orde do seu protocolo. Nesta escritura pública, na súa estipulación cuarta, precisouse que, no caso de que a resolución teña lugar, a Administración municipal podería optar entre esixir a restitución dos inmobles entregados en permuta ou ben considerar entregados os mesmos en concepto de pago por equivalencia das obrigas asumidas polo Concello de Vigo no convenio asinado, con data 26 de outubro de 1992, entre a representación do Concello de Vigo e a mercantil "Miraflores de Vigo, S.A." para a obtención dunha parcela afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos.

6º.- Con data do 17 de xullo de 2003, segundo xa adelantamos, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentenza no repetido recurso contencioso-administrativo núm. 02/6866/1998, pola cal, estimando o mesmo, resolveu anular "o acordo plenario do Concello de Vigo de 3 de agosto de 1998, sobre transferencias de aproveitamento urbanístico que se tiña recoñecido á sociedade "Miraflores Vigo, S.A." en convenio de 26 de outubro de 1992, aprobado polo Concello en 27 de setembro seguinte."

Producida esta sentenza anulatoria, tivo lugar, automaticamente, de acordo co estipulado na permuta, a resolución da mesma e o Concello-Pleno por acordo de 21 de novembro de 2003 acordou requirir da entidade "Miraflores Vigo, S.A." a restitución dos bens entregados por esta Administración municipal en permuta.

7º.- Por último, a medio de escrito de data de entrada na Xerencia Municipal de Urbanismo de 16 de maio de 2003, D.Eduardo Canabal Sanz solicitou a declaración de nulidade e revisión de oficio dos referidos acordos plenarios por consideralos constitutivos de delito en base ás argumentacións que no dito escrito se conteñen.

8º.- Dado tralado do dito escrito a "Miraflores de Vigo, S.A.", por esta, a medio de escrito de 6 de xuño de 2003, formularonse as alegacións que obran no expediente.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A causa de nulidade invocada so podería operar tras unha eventual sentenza penal que declarase constitutivos de delito os referidos acordos; acordos nos que, polo demais, na opinión deste informante, non se albisca a presenza dos elementos dos tipos penais que o reclamante invoca.

II.- De conformidade co artigo 102. 3. LRJPA "O órgano competente para a revisión de oficio poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade de

recabar dictame do Consello do Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma, cando as mesmas non se baseen nalgunha causa de nulidade ou carezan manifestamente de fundamento (...)"

Como queira que a causa de nulidade invocada nunca podería operar en ausencia dunha previa sentenza penal a petición de revisión de oficio carece manifestamente de fundamento e procede a súa inadmisión.

III.- De conformidade co artigo 127.1. k) LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, é competente para a resolución da presente reclamación a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto e en mérito das precedentes consideracións propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Inadmitir a trámite a solicitude formulada por D. Eduardo Canabal Sanz ante esta Administración municipal o 16 de maio de 2003, sobre declaración de nulidade e revisión de oficio dos acordos plenarios de 27 de agosto de 1992, 3 de agosto de 1998 e 28 de abril de 2003, reseñados nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Notifíquese en legal forma o presente acordo ós interesados no expediente.

Terceiro.- Facilítese ó reclamante a documentación solicitada e relacionada na parte final do seu escrito.

Con data 26.02.04 no Consello da Xerencia, intervén o secretario da Xerencia de Urbanismo facendo constar no que respecta do punto primeiro da proposta do técnico "...que no que atinxe ó acordo citado en primeiro lugar (27.08.92), como se refire a un convenio sobre planeamento, a inadmisión da solicitude do reclamante é competencia do Pleno. En canto ó resto si compite á Xunta de Goberno Local". Polo que modifícase a proposta do técnico á Xunta de Goberno tal e como se recolle na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, á vista o informe-proposta precedente e do sinalado no Consello da Xerencia, acorda:

1º.- Inadmitir a trámite a solicitude formulada por D. Eduardo Canabal Sanz ante esta Administración municipal o 16 de maio de 2003, sobre declaración de nulidade e revisión de oficio dos acordos plenarios de 3 de agosto de 1998 e 28 de abril de 2003, reseñados nos antecedentes deste acordo.

2º.- Notifíquese en legal forma o presente acordo ós interesados no expediente.

3º.- Facilítese ó reclamante a documentación solicitada e relacionada na parte final do seu escrito.

39(276).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE VIGUESAS DE PAVIMENTOS, CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES S.L. CONSTITUÍDA POR OBRAS DE CANALIZACIÓN ELÉCTRICA NA BEIRRARRÚA DA RÚA FELICIANO ROLDÁN. EXPTE.40499/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 2.03.04, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, a Xunta de Goberno acorda:

Proceder á devolución da fianza de 462,43 € a favor de Viguesas de Pavimentos, Canalizaciones y Construcciones S.L. constituída para levar a cabo as obras de canalización eléctrica na beirarrúa da Rúa Feliciano Roldán 20-24, coa superficie de 70,00 m, e depositada na Tesourería Municipal co número de operación 2002200019532 de data 15.05.02.

40(277).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE CONTESUT S.L. CONSTITUÍDA POLA COLOCACIÓN DE DOUS CONTENEDORES NA RÚA DE PRÍNCIPE PARA CARGAR MOBILIDARIO E ENSERES OBSOLETOS. EXPTE. 40333/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 25.02.04, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, a Xunta de Goberno acorda:

Proceder á devolución da fianza por importe de 12.000 € a favor de CONTESUT S.L constituída para responder dos danos que poideran ocasionar ó patrimonio municipal polo permiso de circulación na rúa do Príncipe para situar dous contenedores de 8 m· para cargar mobiliario e enseres obsoletos, depositada na Tesourería Municipal co número de operación 200400002269.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

41(278).- ACTA DE RECEPCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA VIVENDA SITA NO CAMIÑO DOS NOVELOS Nº 3, REALIZADAS CON CARGO A SUBVENCIONS PARA INFRAVIVENDA RURAL.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 4.02.04, conforamdo polo concelleiro-delegado de Acción Social, que di o seguinte:

Examínanse as actuacións do expediente 10205/301/02 e o acordo da Comisión de Goberno de data 25 de novembro de 2002 polo que se concederon, ó abeiro da Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, subvencións para infravivenda rural a determinadas beneficiarios, entre os que se atopa D. José Rodríguez Estévez.

Formalizouse polos servizos técnicos correspondentes, e así consta no expediente, a acta de recepción de obras de infravivenda no rural, referida ó acondicionamento de infravivenda no camiño dos Novelos, 3, da que é titular D. José Rodríguez Estévez, recoñecendo que as obras executáronse de acordo co proxecto e que se atopan en perfecto estado para a súa recepción.

Visto o anterior, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aproba-la acta de recepción das obras de acondicionamento da vivenda sita no camiño dos Novelos, núm 3 da que é titular D José Rodríguez Estévez”

Notificar o presente acordo ó beneficiario da subvención D. José Rodríguez Estévez, para os efectos previstos no artigo 58 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Acordo

A Xunta de Goberno de conformidade coa proposta contida no precedente informe, acorda:

Aproba-la acta de recepción das obras de acondicionamento da vivenda sita no camiño dos Novelos, núm 3 da que é titular D José Rodríguez Estévez.

42(279).- ACTA DE RECEPCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA VIVENDA SITA NO CAMIÑO CENTEIRO Nº 29, REALIZADAS CON CARGO A SUBVENCIÓNS PARA INFRAVIVENDA RURAL.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 4.02.04, conformado polo concelleiro-delegado de Acción Social, que di o seguinte:

Examínanse as actuacións do expediente 10205/301/02 e o acordo da Comisión de Goberno de data 25 de novembro de 2002 polo que se concederon, ó amparo da Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, subvencións para infravivenda rural a determinadas beneficiarios, entre os que se atopa D. Celestino Rodríguez González.

Formalizouse polos servicios técnicos correspondentes, e así consta no expediente, a acta de recepción de obras de infravivenda no rural, referida ó acondicionamento de infravivenda no camiño Centieira, 29 da que é titular D. Celestino Rodríguez González, recoñecendo que as obras executáronse de acordo co proxecto e que se atopan en perfecto estado para a súa recepción.

Visto o anterior, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aproba-la acta de recepción das obras de acondicionamento da vivenda sita no camiño Centieira, 29 da que é titular D. Celestino Rodríguez González.”

Notificar o presente acordo ó beneficiario da subvención D. Celestino Rodríguez González, para os efectos previstos no artigo 58 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Acordo

A Xunta de Goberno de conformidade coa proposta contida no precedente informe, acorda:

Aproba-la acta de recepción das obras de acondicionamento da vivenda sita no camiño Centieira, 29 da que é titular D. Celestino Rodríguez González.

43(280).- ACTA DE RECEPCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA VIVENDA SITA NA ESTRADA VILAVERDE 30, REALIZADAS CON CARGO A SUBVENCIÓNS PARA INFRAVIVENDA RURAL.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 4.02.04, conformado polo concelleiro-delegado de Acción Social, que di o seguinte:

Examínanse as actuacións do expediente 10205/301/02 e o acordo da Comisión de Goberno de data 25 de novembro de 2002 polo que se concederon, ó abeiro da Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, subvencións para infravivenda rural a determinadas beneficiarios, entre os que se atopa D^a Lucía Alonso Vila.

Formalizouse polos servicios técnicos correspondentes, e así consta no expediente, a acta de recepción de obras de infravivenda no rural, referida ó acondicionamento de infravivenda na Estrada Vilaverde.30 da que é

titular D^a Lucía Alonso Vila, recoñecendo que as obras executáronse de acordo co proxecto e que se atopan en perfecto estado para a súa recepción.

Visto o anterior, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aproba-la acta de recepción das obras de acondicionamento da vivenda sita na Estrada Vilaverde, 30, da que é titular D^a Lucía Alonso Vila .”

Notificar o presente acordo ó beneficiario da subvención D^a Lucía Alonso Vila, para os efectos previstos no artigo 58 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Acordo

A Xunta de Goberno de conformidade coa proposta contida no precedente informe, acorda:

Aproba-la acta de recepción das obras de acondicionamento da vivenda sita na Estrada Vilaverde, 30, da que é titular D^a Lucía Alonso Vila .

44(281).- PROXECTO DE MOFIDICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PLAN PARCIAL DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO. EXPTE. 8781/411.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-propsota do técnico de Administración Xeral e do arquitecto municipal do Servicio de Planeamento e Xestión, do 20.02.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- O 22 de decembro de 2003 o Consorcio da Zona Franca de Vigo solicitou a Modificación Puntual nº 2 do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico, para o que aportou documentación técnica redactada pola empresa de urbanismo e enxeñería INTERURBAN S.A., asinada polo enxeñeiro de camiños D. Roberto Aya Duarte, de data novembro de 2003.

2º.- O Plan Parcial do Parque Tecnolóxico (nº de expediente 4959/411) foi aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de marzo de 2001, en desenvolvemento dun sector de solo urbanizable delimitado na Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobada definitivamente o 29 de setembro de 2.000 (nº de expediente 4868/411).

3º.- O Proxecto de urbanización correspondente a este plan parcial (nº de expediente 4281/401) aprobouse definitivamente o 21 de xuño de 2.001, con aclaración do acordo o 30/08/2.001.

4º.- O 16 de maio de 2.002 o Consello da Xerencia de Urbanismo aprobou definitivamente o Proxecto de Reparcelación do Parque Tecnolóxico (Expediente 4292/401).

5º.- O 29 de setembro de 2.003 aprobouse definitivamente Modificación Puntual nº 1 do Plan Parcial (expediente 8265/411).

6º.- O 11 de decembro de 2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo prestou a conformidade ó informe emitido o 5 de decembro de 2003 polos servizos técnicos e xurídicos municipais da Oficina de Planeamento sobre a Consulta presentada polo Consorcio da Zona Franca o 27 de novembro de 2003, en relación coa viabilidade de iniciar unha segunda Modificación do Plan Parcial, que constitúe o obxecto do presente expediente.

7º.- A documentación inicialmente presentada o 22 de decembro de 2003 polo Consorcio da Zona Franca de Vigo foi remitida ós servizos técnicos municipais de Vías e Obras, Infraestructuras e Medio Ambiente e, á vista das instrucións dos servizos técnicos municipais de Planeamento da Xerencia, o Consorcio, con data 18 de febreiro de 2004, presentou a nova documentación corrixida, redactada por INTERURBAN S.A. e asinada polo mesmo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Roberto Aya Duarte, con data de febreiro de 2004.

OBXECTO

A modificación solicitada vai dirixida principalmente ó cambio de localización da subestación de suministro de enerxía eléctrica e a cualificación dunha área unitaria que permita a instalación no Parque Tecnolóxico dunha importante empresa provedora de PSA PEUGEOT-CITRÖEN, e consiste básicamente en:

-- Cambia-la localización da subestación de enerxía eléctrica, desprazándoa á zona sur, cualificando unha parcela coa ordenanza de servizos urbanos e suprimindo a mesma superficie onde estaba prevista, na parte Norte do ámbito.

-- Alterar a zonificación e ordenanzas da área sur do Plan Parcial (maza limitada por zona verde, rúa C do Proxecto de Urbanización, Rotonda do Vial da Universidade, estrada do Foxo, e ámbito exterior ó Plan Parcial, reducindo a superficie en Ordenanza de "Investigación y Desarrollo" e incrementando a superficie en Ordenanza Industrial, de tal xeito que se consegue unha superficie total en uso industrial de 38.665,41 m².

-- A xustificación da modificación puntual baséase en estudos posteriores á aprobación do Plan Parcial que recomentan esta nova subestación de enerxía eléctrica e na necesidade de conseguir unha superficie unitaria importante para unha das principais empresas provedoras de CITRÖEN, que, doutro xeito, non terían cabida no Parque.

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS

De acordo co especificado no PXOU, vixente por aprobación definitiva do 29/04/93 (D.O.G. 10/05/93), e en concreto da Modificación Puntual referente a este ámbito, con aprobación definitiva polo Pleno do 29/09/00, os

terreos do PARQUE TECNOLÓXICO constitúen un sector de SOLO URBANIZABLE, remitido a un plan parcial coa seguinte FICHA DE CARACTERÍSTICAS, para a súa redacción:

DENOMINACIÓN: PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO

Nº DE PLANO: 17-37, 17-36, 18-39, 18-38, 18-37, 18-36, 19-37, 19-38

CLASIFICACION DE SOLO: URBANIZABLE

TIPO DE NÚCLEO : POLÍGONO INDUSTRIAL DE NOVA CREACIÓN

PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO: PLAN PARCIAL

SUPERFICIE. 874.195 m²

INICIATIVA DE PLANEAMENTO: PUBLICA

SISTEMA DE ACTUACIÓN : EXPROPIACIÓN

OBXECTIVOS: CREACIÓN DE PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO

EDIFICABILIDADE BRUTA : 1 m²/m²

USOS CARACTERÍSTICOS. -INDUSTRIAL

-INNOVACIÓN

USOS INCOMPATIBLES: VIVENDA (Permítense vivendas para gardería nas condicións establecidas no PXOU para o uso industrial).

USOS COMPATIBLES: TÓDOLOS DEMAIS. Os usos compatibles cos principais (Innovación e industrial) enténdese que son admisibles cando están relacionados ou complementan ós usos e características de Parque tecnolóxico e Loxístico. No Plan Parcial estableceranse as limitacións de uso que, en cada zona, sexan precisas para compatibiliza-los mesmo cos usos principais

RESERVAS MÍNIMAS PARA DOTACIÓNS:

ESPACIOS LIBRES DE USO PÚBLICO : 10%

OUTROS EQUIPAMENTOS: 4%

SUPERFICIE MÍNIMA DE CESIÓN DE SOLO:

A SINALADA NO CONVENIO URBANÍSTICO.

O Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo aprobado definitivamente o 26 de marzo de 2.001, tiña as seguintes características:

- Superficie do sector.....874.436 m²
- Edificabilidade : 0,5 m²c/m².....432.909 m²c.
- Espacios libres de uso público.....130.556 m²
- Equipamentos públicos..... 27.601 m²
- Equipamentos privados.....57.545 m²
- Prazas de aparcamento.....5.045

Como pode comprobarse o Plan Parcial non utilizou a totalidade da edificabilidade posible segundo o Plan Xeral, que é de 1 m²c/m², consumindo unicamente 0,5 m²c/m².

O Plan Parcial Modificado, trala aprobación da Modificación nº 1 , quedou como segue:

- Superficie do sector.....874.436 m²

- Edificabilidade.....473.144,284 m2c. (0,54 m2c/m²)
- Espacios libres de uso público.....130.556 m2
- Equipamentos públicos.....27.601 m2
- Equipamentos privados.....57.545 m2
- Prazas de aparcamento.....5.045

Polo tanto o Plan Parcial modificado trala Modificación nº 1 non esgota, tampouco, a edificabilidade posible segundo o Plan Xeral.

O ámbito da Modificación proposta, que comprende unha superficie de 59.164,71 m², atópase dentro do Plan Parcial e é descontinuo: unha área situada ó sur que comprende as parcelas 8,13,14 e 17 do Proxecto de reparcelación aprobado e a parcela nº 22 situada ó Norte do sector.

A DOCUMENTACIÓN PARA APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACION PUNTUAL NÚMERO 2

A documentación presentada, unha vez correxida a requerimento dos servicios municipais, comprende os seguintes documentos:

- MEMORIA TÉCNICA

- 1.Planeamento vixente
- 2.Posibilidade legal de modificación do planeamento.
- 3.Antecedentes, obxecto e xustificación da proposta.
4. Descripción da modificación
 - 4.1 Parcelas iniciais
 - 4.2. Cadro de superficies e edificabilidades actuais
 - 4.3. Modificacións propostas
 - 4.4. Cadro de superficies e edificabilidade resultantes.
- 5.Estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico.
6. Cumprimento do artigo 94 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

CONCLUSIONS

- ANEXO Á MEMORIA: DOCUMENTOS MODIFICADOS

- PLANOS:

1. SITUACIÓN E EMPLAZAMENTO
2. ZONIFICACIÓN VIXENTE
3. ZONIFICACIÓN PROPOSTA
4. ESQUEMA DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA ACTUAL
5. ESQUEMA DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PROPOSTA.

Esta documentación corrixida substitúe á primeira presentada, permanecendo no expediente a substituída coa correspondente dilixencia.

Apórtase, nesta documentación, tódolos documentos e páxinas da documentación do Plan parcial aprobado que se verían modificados (a substituir) coa aprobación da Modificación que se propón, en concreto: páxinas 73, 74, 79 , 80 e 87(cadro resumo) da Memoria Xustificativa, páxina 103 das Ordenanzas, páx. 123 e seguintes (avaliación económica) e planos 9 e 15 de ordenación.

ANÁLISE DO CONTIDO DA MODIFICACIÓN

A) PREVISIÓN DUNHA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA

Nin no Plan Parcial aprobado, nin no Proxecto de urbanización prevíase a localización dunha subestación transformadora eléctrica, xa que en ambos documentos se di que o suministro (en Media Tensión) provirá da Central de Sárdoma.

No Proxecto de Urbanización deséñanse dous centros de reparto (Norte e Sur) e, a partires deles, dous bucles A e B de distribución de media tensión cara ós transformadores que se sitúan a pé de cada parcela.

O emprazamento da subestación proposta nunha parcela do Parque Tecnolóxico, evitaría a realización dunha costosa liña de acometida e permitiría centralizar os elementos de conexión e distribución. Respecto deste obxectivo o enxeñeiro xefe de vías e obras do Concello, e o enxeñeiro industrial municipal da oficina de infraestructuras informan favorablemente o 3 de febreiro de 2004 a proposta presentada; non obstante, deberá esta poñerse en coñecemento, da Empresa suministradora de enerxía eléctrica Unión-Fenosa para o seu informe en relación co dito servicio.

A Modificación afecta ó Plan parcial en canto ás características da rede de distribución eléctrica e ós seguintes documentos: apartado 5.5.3, plano 15 do Plan parcial e á avaliación económica.

De aprobarse definitivamente a presente modificación necesitarase, asemade, da modificación do proxecto de urbanización aprobado para este ámbito, toda vez que deberá definirse a nova configuración da rede de media tensión coa nova subestación prevista .

Urbanísticamente esta modificación comporta un cambio na ordenación do Plan Parcial entre dúas zonas de ordenanza: unha de servicios urbanos que pasa a aparcamentos, e outra de aparcamentos que pasa a zona de servicios urbanos.

B) MODIFICACIÓN DE ORDENACIÓN NA ÁREA SUR

A Modificación proposta reduce a superficie destinada a I+D e incrementa, a cambio, a superficie de uso industrial, que se concentra agora xunto á rotonda entre a estrada de acceso á Universidade e a estrada de Portal,

zona onde, no Plan parcial aprobado, se configuraba un nó de equipamento comercial, social e área administrativa. O uso comercial da zona obxecto da modificación, desprázase, como consecuencia da mesma, a unha parcela illada situada no sueste do ámbito, situada xunto a outra parcela illada para uso I+D (de 3.214,65 m² de superficie) que se despraza cara ó Leste, xunto ó núcleo de Fabas.

Outra modificación que se propón afecta á intensidade de uso, xa que o uso industrial previsto na zona da modificación polo plan parcial vixente é o industrial grao I, cunha edificabilidade de 1,4 m²/m², mentres que a modificación presenta o seu cambio a industrial grao II, cunha edificabilidade de 0,7 m²/m².

En resumo, a modificación produce, no seu ámbito, as variacións nas intensidades de uso seguintes, segundo pódese comprobar no cadro que figura a continuación:

a) Incremento de superficie destinada a uso industrial en 25.903,41 m² de solo e de edificabilidade industrial de 9.198,93 m² construíbles.

b) Diminución de superficie destinada a uso I+D “Investigación y desarrollo”, en 25.903,35 m², e diminución de edificabilidade nese uso, en 20.722,68 m² construíbles.

En conxunto, a Modificación produce un descenso de edificabilidade, de 11.523,75 m²c, mantendo a mesma superficie e edificabilidade comercial e reservas para aparcamentos e servizos urbanos que o plan parcial vixente.

USO	PLAN PARCIAL VIXENTE		MODIFICACION PROPOSTA		VARIACION	
	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE
INDUSTRIAL	12.762 m ² (P-8)	17.866,86 m ² c	29.118 m ² (P-13) 5.307,41 m ² (P-14) 4.240 m ² (P-17.01)	20.382,60 m ² c (P-13) 3.715,19 m ² c (P-14) 2.968 m ² c (P-17.01)	+ 25.903,41 m ²	+9.198,93 m ² c
TOTAL:	12.762 m ²	17.866,86 m ² c	38.665,41 m ²	27.065,79 m ² c		
I + D INVESTIGACION Y DESARROLLO	29.118 m ² (P-13)	23.294,40 m ² c	3.214,65 m ² (P-8.02)	2.571,72 m ² (P-8.02)	- 25.903,35 m ²	-20.722,68 m ² c
TOTAL:	29.118 m ²	23.294,40 m ² c	3.214,65 m ² c	2.571,72 m ² c		
COMERCIAL	5.307,41 m ² (P-14)	6.368,89 m ² c (P-14)	5.307,41 m ² (P-8.01)	6.368,89 m ² c (P-8.01)	0	0
TOTAL:	5.307,41 m ²	6.368,89 m ² c	5.307,41 m ²	6.368,89 m ² c		
APARCAMENTOS	10.000,24 m ² (P-17)	16.000,38 m ² C (P-17)	8.023,24 m ² (P-17.03) 1.977,00 (P-22)	12.837,18 m ² C (P-17.03) 3.163,20 m ² C (P-22)	0	0
TOTAL:	10.000,24 m ²	16.000,38 m ² C	10.000,24 m ²	16.000,38 m ² C	0	0
					0	0

SERVICIOS URBANOS	1.977,00 m2 (P-22)	988,50 m2C (P-22)	1.977,00 m2 (P-17.02)	988,50 m2C (P-17.02)		
TOTAL:	1.977,00 m2	988,50 m2C	1.977,00 m2	988,50 m2C		

Igualmente, a aprobación desta Modificación Puntual do Plan parcial obrigará á modificación do proxecto de reparcelación aprobado para o ámbito a fin de axustalo á nova zonificación.

Referido á totalidade do sector do plan parcial, trala aprobación da Modificación Puntual nº2 , a ordenación xeral quedaría como segue:

- Superficie do sector.....874.436 m2
- Edificabilidade.....461.622 m2c. (0,52 m2c/m²)
- Espacios libres de uso público.....130.556 m2
- Equipamentos públicos.....27.601 m2
- Equipamentos privados.....57.545 m2
- Prazas de aparcamento.....5.045

Polo tanto séguese a cumprir e desenvolver as determinacións do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, consumindo menos edificabilidade que a que figura na ficha de características do Plan Parcial (1 m2c/m2).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Por non atoparse o Plan Xeral de Vigo vixente adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) deberá terse en conta o seu réxime transitorio.

II. O solo incluído no ámbito da modificación, debe considerarse como SOLO URBANIZABLE DELIMITADO, por tratarse dun solo urbanizable programado, con plan parcial aprobado, pero sen rematar as obras de urbanización (Disposición transitoria 1ª 1.d). No solo urbanizable delimitado aplicaráselle o disposto na lei (arts. 21 e 22 da LOUGA), sen prexuízo de respecta-los usos e intensidades previstos polo planeamento xeral vixente.

III. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento configúrase como unha potestad administrativa, a denominada “potestas variandi”, que corresponde ás entidades locais e a Comunidade Autónoma, como administracións con competencias na formulación do planeamento, para iniciar discrecionalmente a súa modificación ou, no seu caso, revisión, a fin de adaptalo ás esixencias cambiantes do interés público.

Dita alteración, segundo dispón o artigo 93 LOUGA, pode ter lugar mediante a revisión dos instrumentos de planeamento ou a modificación dalgún ou algúns dos elementos que os constitúen. No presente caso, habida conta a entidade e características da modificación pretendida, a mesma reviste os caracteres dunha mera modificación de elementos puntuales do plan parcial.

IV. O artigo 94 da LOUGA establece que calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas, e o artigo 93 precisa que a modificación de calquera elemento dos plans suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

V. A modificación axústase no seu obxecto, determinacións e documentación ó establecido para os plans parciais nos artigos 63, 64 e 65 LOUGA.

A modificación incorpora, como anexo, un estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, redactado polo equipo redactor do plan parcial, que foi remitido ós servizos técnicos de Medio Ambiente do Concello, sen que ata o momento fóra informado. Non obstante, consideramos que este informe poderá ser incorporado ó expediente antes de somete-lo mesmo ó trámite de aprobación definitiva. Como medidas correctoras das condicións paisaxísticas prevese unha barreira vexetal con arborado de 7 metros arredor da subestación, así como o soterramento da liña de alta tensión.

VI. A presente modificación fundaméntase en razóns de interés público debidamente xustificadas na súa memoria e é conforme ó vixente PXOU, sen que proceda formular obxeccións en relación coa calidade da ordenación proxectada.

A modificación, que supón unha redución da intensidade edificatoria, non afecta ás dotacións públicas, nin ás zonas verdes do plan parcial aprobado. Tampouco afecta a materias obxecto de lexislación sectorial que faga preciso a solicitude de informes doutros organismos.

VII. Na tramitación do expediente haberase de segui-lo disposto no artigo 86 LOUGA para os plans parciais,

VIII. É competente para aprobar inicialmente a presente modificación do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo a Xunta de Goberno Local e para a aprobación definitiva o Concello-Pleno, por maioría simple, de conformidade cos artigos 127.1.d) e 123.1.i) LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto e de acordo coas anteriores consideracións e artigos citados proponse á Xunta de goberno local a adopción do seguinte ACORDO...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PLAN PARCIAL DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO (expediente 8781/411), solicitada polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, segundo a documentación técnica, redactada pola empresa de urbanismo e enxeñaría INTERURBAN S.A., asinada polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Roberto Aya Duarte, de data febreiro de 2004.

2º.- O acordo de aprobación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias nos ámbitos do territorio obxecto desta modificación de planeamento nos que as novas determinacións supoñan a modificación da ordenacións urbanística vixente.

3º.- Sométase o expediente ó trámite de información pública polo prazo dun mes, de acordo co disposto no artigo 86.1 LOUGA, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso, en dous días consecutivos, con notificación individualizada ó Consorcio da Zona Franca, como único propietario do ámbito.

45(282).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez hora e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez